

Pontearas premiada na Bienal de Arquitectura



Páxina 2

A Deputación financia as obras do novo cámping de Ribas de Sil



Páxina 12

Castro Caldelas en defensa do servizo médico de pediatría



Páxina 15

Salvaterra protexe o avión común e o avión zapador



Páxina 17

A fibra óptica chegará ás parroquias de Salceda



Páxina 20



## A Guarda prepárase para as Festas do Monte 2018

Páxina 23

Entrevista



Antonio Lomba, Alcalde de A Guarda

“Agora será verdade o acceso sur ao porto da Guarda”

Páxinas 21 a 23



centro médico  
EL CARMEN

**UNIDAD DE CIRUGÍA  
LAPAROSCÓPICA**

Equipo liderado por los doctores  
Marta Salgado y Alejo Muinelo



Minimamente invasiva

Recuperación más rápida

Disminución estancia hospitalaria

Menor riesgo de infección

Menor dolor postoperatorio



## Galicia

# A estratexia “Ponteareas Hábitat Saudable” premiada na Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo

O proxecto da estratexia de desenvolvemento urbano “Ponteareas, Hábitat Saudable” realizada polo estudio de arquitectura Mmasa resultou premiada pola Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo.

Nun acto que se celebrou na cidade de Santander, o Alcalde de Ponteareas e o arquitectos Luciano Alfaya e Patricia Muñiz recolleron este galardón que a Bienal otorga a 23 obras arquitectónicas tanto do estado como internacionais na sección “Panorama de Obras”.

A listaxe de galardoados inclúe arquitectos consagrados e despachos de arquitectos nóveles combinando proxectos de paisaxe e de espazo público con traballos de rehabilitación, equipamentos públicos e edificios de vivendas.

Para o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, este recoñecemento é unha proba máis de que o futuro de Ponteareas se está a planificar cunha estrutura de éxito e cunha cimentación sólida e de calidade.

A Estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable” financiada con fondos da Unión Europea,

marca as pautas e as liñas a seguir para o desenvolvemento de Ponteareas, un desenvolvemento no que a cidade sexa das persoas, donde a sostibilidade sexa un fio condutor e no que a participación cidadá sexa un feito.

Para o Alcalde este é un recoñecemento moi importante que avala o traballado iniciado hai tres anos por todo o goberno local, “convertimos as ideas en proxectos para mellorar o futuro dos e das ponteareás. É un premio aos técnicos da estratexia que nos anima a avanzar na liña marcada”.



**SCHOOL**  
Tributo Nirvana  
**3 AGOSTO**  
**21:30H**

**FABRICA DE CHOCOLATE CLUB**

**SEUROS**

**MET**  
Pop Rock

**PONTEAREAS**  
**7ª FERIA**  
**OPORTUNIDADES**  
**11 Y 12 DE AGOSTO**

ATRACCIONES INFANTILES - DISJOKEY  
CONCENTRACIÓN DE COCHES CLÁSICOS  
PREMIOS INMEDIATOS

PRAZA DARIÓ BUGALLAL

RÚA ESPERANZA

RÚA ORIENTE

II CONCENTRACIÓN DE COCHES CLÁSICOS  
12 DE AGOSTO

**PONTEAREAS**  
CONCELLO





Por: Guillermo Rodríguez

Director

## Ordenando a miña alacena (V)

**D**efinitivamente vou ter que cambiar a miña alacena por un armario máis grande porque son tantas as cereixas que me caen nos últimos tempos no meu cesto que non dou feito. Tiro dunha e veñen todas detrás, como se estiveran xunguidas por algún pegamento especial.

Creo que todos estamos de acordo na “revolución” social que se produciu logo do 15-M (2011). Estábamos tan tranquilos, é un dicir, e de pronto os cidadáns dixemos que o bipartidismo político tiña rematado; que a partires dese momento xa nada ía ser igual. Saíron a superficie movementos, organizacións que xa existían pero sen que tiveran unha visibilidade seria, importante, numerosa, definitiva. Por todo o Estado estendeuse o virus do cabreo: xa non nos representan!! Berraban centos de miles de voces convencidas de que os tempos eran chegados, como di o noso himno. Había dous equipos de primeira división xogando cada catro anos coas nosas esperanzas, ilusións, inqedanzas. Agora a cousa era distinta. Novos equipos organizados saltaron ao terreo de xogo e dixeron: aquí estamos nós para xogar na mesma mesa de xogo!! E vaía se o fixeron.

Polo esquerda as forzas estaban máis unidas. Pola dereita tamén pretendían unha fenda que lles permitira abrirse paso. Nacían PODEMOS e CUIDADÁNS. Obviamente con pretensións contrapostas. No primeiro caso tentando informarnos de que había outra esquerda non representada no arco parlamentario; pola dereita novos cachorros tentando meter o fociño nese mundo de intereses e contubernios xudeo-masónicos, que diría o ínclito Ditador que Deus confunda se aínda non o fixo.

Aínda existen pequenos equipos de categorías rexionais, comarcais que tentan arriñarse a uns e outros para non pasar frío.

Pero deixémonos de preámbulos e comecemos a tirar polas cereixas. Se collemos ao PP que reinaba, é unha maneira de falar,

sen decatarse que na mesa de xogo había outros trileiros. Por unha banda para poñer sobre o tapete as necesidades múltiples e variadas que os cidadáns estaban sufrindo sen que se lles fixera caso ningún. Problemas como a falta de emprego, a vivenda, a sanidade, o ensino, etc., eran asuntos de suma importancia que o goberno popular solucionaba viaxando a Bruxelas e volvendo cunha solución: había que apertarse o cinto (os que o tiveran, claro).

Hoxe podemos contar con máis oferta política pero tamén con máis leas por metro cadrado. A esquerda non se pon de acordo para designar ao “macho alfa”; a dereita, segura de si mesma, non daba nin auga ao seu “socio ideolóxico” que se viña abrindo paso. Agora novos cachorros comandan a canceira. Algún xa con certa experiencia: todos pendentos

das enquisas por ver quen está mellor situado fronte a unha posibles eleccións. Aínda que todos (agás o partido do Goberno) pían polas eleccións anticipadas, a ningún lle gustaría pasar polas urnas nestes momentos. É unha maneira de presionar ao equipo de goberno e mostrar músculo diante dos seus votantes.

Pablo Casado, sustituto de Rajoy, saltou a praza cunha forza inusitada. Disposto a facer tabula rasa a obra de Rajoy. Sobre o aborto quere volverá lei de 1985 xa desqualificada en tempos de RuizGallardón; no acepta a Memoria Histórica; debe pensar que Franco non mandou fusilar a milleiros de españoles/as despois de rematada a Guerra Civil, senón que ordenou enterramentos colectivos pero simbólicos; aos partidos nacionalistas quéreos lonxe do Parlamento do Estado, aínda que o seu mentor,

Aznar, falaba o catalán na intimidade; aos presos quéreos lonxe das súas familias; a relixión quérea como materia avaliable, etc. Un programa que dende PODEMOS sitúano entre José Antonio, Calvo Sotelo e Aznar. Todo unha xoia para a Coroa que, desoíndo a Tradición, xogan a ver quen a ten máis longa e a rapaza non queda preñada.

O cachorro do PP saíu á praza cunha forza impensable. Non parece ser “fillo político” de Rajoy.. Sae á rúa gritando que vai falarlle claro aos cidadáns e minte máis que

fala. Segundo pregoa España sería inundada por millóns de africanos coa política migratoria do actual goberno. En realidade ata estes momentos soamente entraron arredor de 25.000 inmigrantes. Se quedarán todos aquí “tocarianos” a un por cada 2.000. Unha cidade de arredor dos 30.000 habitantes sería

“invadida” por 15 inmigrantes. Unha traxedia da que este rapaz que quere pillar cacho, trata de liberarnos.

Por certo, veñen de aparecer os famosos documentos sobre supostos exames que Pablo Casado afirmou existían do seu máster, no que aprobara en catro meses 12 das 25 asignaturas da carreira de dereito. O director do Centro fala de certas “indicacións” pero que non influíron nas notas conseguidas por Casado. Como serían esas indicacións!!

Dias atrás a Universidade comunicara ao Xulgado que leva o asunto que non atopaba nada; de pronto aparece unha caixa que ninguén sabe como e que din contén os devanditos papeis. Está claro que non termos arranxo. Uns pelexando coma condenados por sacar adiante unha carreira aprobando todas as asignaturas; outros presentan uns papeis de catro por as outras 12 xa llelas

dan por aprobadas.

Rivera de Ciudadanos pasa por momentos delicados e indecisos. Chegou para rexenerar a vida política española, ou iso comentaba e atopouse que no seu cabaceiro tamén tiña grans podres. O Tesoureiro do partido está metido en xuízos por falcatruadas. Segundo destapou Infolibre sobre as contas do partido amarelo. Ocultou que foi xulgado en Sao Paulo (Brasil) por un impago de 74.000 euros; que era propietario dunha empresa, co 99% das accións; empresa, denominada DameiEurope, que aportou 791.000 euros ao partido. A pregunta é ¿que sabe este Tesoureiro para que Rivera non o teña cesado ipso facto? O PP vai chamar a Rivera para que declare na comisión do Senado. Dous cans que se disputan o mesmo oso. Coñecen esa imaxe?

A deputada do BNG Ana Miranda nun Twitter deséxalle a Pablo Casado “moitas violacións, ir en pateira no bravo mar, estar en prisión na que lle dean malleiras, ou sexa violado, que sufra torturas, andar descalzo horas e horas cos pés sangrando,; o que lles pasan a milleiros de persoas que foxen da miseria e da guerra. A deputada di “Non a este lepenismo marca Spain”.

Diante das declaracións de Pablo Casado que pretende “botar aos partidos nacionalistas do Congreso dos Deputados”, o Presidente do EBB do PNV, acusoun de apuntarse ao pucheirazo do líder de Cidadáns, Albert Rivera, para retorcer a Lei electoral e facer un Congreso dos Deputados á súa medida. “Queren botarnos de Madrid, logo que pintamos os vascos no Estado Español”, afirma o Presidente vasco.

Resumindo. Como ven as cereixas veñen enlazadas unha coas outras e poderíamos estar horas e horas sen que deramos o cesto por baleiro.

Por hoxe imos deixar a cousa así. Remedando aos históricos humoristas Tip e Col, dicímoslle “para a próxima falaremos do Goberno”. Sexan felices se poden



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

**GALIZA:** Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

**PORTUGAL:** Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.**MADRID:** –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.**CANARIAS:** Fco. Puñal.**NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (Koki)**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

## Coa fibra óptica soterrarase o cableado na cidade histórica

A Xunta de Goberno acordou encomendarlle ao Consorcio os traballos de redacción de proxectos e execución dos traballos das canalizacións soterradas, para substituír os pasos aéreos do cableado nos cruces das rúas dentro do ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica. A encomenda enmárcase no programa no que está traballando o Concello para substituír o cableado e dotar de fibra óptica á zona monumental.

O alcalde explicou que o obxectivo último da encomenda ao Consorcio "é solucionar unha débeda histórica, que é a de dotar a zona vella de fibra óptica". Martiño Noriega recoñeceu que "esta é unha necesidade que hai que atender, porque nestes tempos non se entende a actividade comercial sen fibra, e esta carencia dificulta tamén fixar poboación na améndoa". O alcalde explicou que se está a



traballar con varias operadoras, fundamentalmente con Telefónica, para atender esta necesidade, "e o primeiro paso será un proxecto piloto que agardamos ver executado antes de finais de ano, que lle afectará ao ámbito de San Francisco cara San Martiño Pinario e que permitirá substituír o vello cableado de cobre por fibra". Neste marco, o que se lle encarga ao Consorcio "é que asuma o soterramento da fibra nos cruces das rúas, para evitar o cableado aéreo". Se

este piloto funciona ben, apuntou Martiño Noriega, "estariamos listos para desbloquear o programa para o conxunto da cidade histórica".

Unha das principais dificultades para a instalación da fibra óptica na zona histórica é que o Plan Especial impide novo cableado. A solución que se vai probar en San Francisco pasa por mudar os actuais cables de cobre por outros de fibra óptica, e por instalar as caixas de conexión no interior dos edificios.

## A rapazada volverá xogar na rúa este verán grazas a unha nova edición do "Territorio Xogantín"

Que as rúas volvan ser un espazo para o xogo dos nenos e das nenas. É o obxectivo do programa A rúa é nosa! Territorio Xogantín, que o Concello pon en marcha por terceiro verán consecutivo, a través do Departamento de Lingua.

O programa vaise desenvolver dende o luns 30 de xullo ata o 31 de agosto, agás nos días festivos, e en horario de 11:30 a 13:30 horas. Nas actividades poderán participar nenas e nenos de 6 a 10 anos, sen necesidade de inscrición previa. Tan só é preciso presentarse no punto de encontro, situado na praza 8 de Marzo, e iranse cubrindo as prazas dispoñibles para cada xornada por orde de chegada. As nenas e nenos participantes estarán acompaña-

dos/as por monitores/as especializados/as en tempo libre e xogos tradicionais. No caso de chuvia, o Territorio Xogantín trasladarase á Zona C de Bonaval.

As nenas e nenos participantes estarán acompañados por monitoras de Xandobela, especializadas en tempo libre e xogos tradicionais. Dúas delas, Branca e Nerea, explicaron hoxe que o programa "é un proxecto aparentemente simple, pero que permite traballar moitos valores como a convivencia, o respecto ou a descuberta activa da cidade". Ademais, incidiron en que o Territorio Xogantín permite que as nenas e nenos aprendan a autoxestionar o seu tempo de lecer, e mesmo se fagan máis responsables deles mesmos e das súas pertenzas".

## Quince mozos e mozas aprenden a coidar os seus cultivos ecolóxicos grazas ao programa "Hortaliza-TE"

As concelleiras de Mocidade e de Facenda, Noa Morales e María Rozas, visitaron a horta urbana do programa Hortaliza-TE, unha das actividades escollidas pola mocidade no proceso de Orzamentos Participativos Compostela Decide.

O programa desenvólvese desde o pasado mes de maio no Centro Xove da Almáciga e nel participan 15 mozos e mozas de entre 16 e 35 anos, baixo a supervisión de Luz Eyo. A actividade entrou xa na súa segunda fase, ata o mes de agosto, na que as persoas participantes sementaron a horta e están a piques de recoller os froitos.



Na primeira fase, que durou os meses de maio e xuño, adecuaron o espazo e adquiriron os materiais necesarios.

A actividade desenvólvese todos os luns de 18:00 a 20:00 horas, e ademais de impartir os contidos teóricos precisos para

o traballo na horta, os mozos e mozas estanos a poñer en práctica durante este verán. A acción estenderase ata o vindeiro mes de novembro e as sesións grávanse en vídeo e difúndense a través das redes sociais co nome "Brico-hortaconsello"

## O Goberno local aproba o proxecto de rehabilitación do futuro centro cívico da cidade histórica

A Xunta de Goberno aprobou o proxecto de rehabilitación do local da praza de Salvador Parga que se vai converter no futuro centro cívico da cidade histórica. As obras terán un orzamento máximo de licitación dalgo máis de 280.000 euros e un prazo de execución de tres meses.

O alcalde, Martiño Noriega, explicou que o obxectivo do Goberno é "dotar á veciñanza da zona vella dun espazo que sexa acaído para o uso sociocultural". Para

iso, rehabilitarase o local que ocupa a parte baixa do nº 4-5 da praza de Salvador Parga, que albergaba a antiga biblioteca da cidade histórica. O proxecto aprobado hoxe permitirá que o local conte cunha zona de recepción, oficinas, aseos, sala de lectura, aulas polivalentes e sala multiúsos. Tamén se prevé o acondicionamento do xardín posterior do inmovible e a construción dunha pequena rampla que comunicará co xardín do Pazo de Amarante.



# W.R.E vive

**SANTIAGO EDUSI**  
CIDADE ACCESIBLE, INCLUSIVA E PATRIMONIAL

[www.revivesantiago.gal](http://www.revivesantiago.gal)



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Europeo  
de Desenvolvemento Rexional  
Unha maneira de facer Europa



## Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

### 0 desprestixio da xustiza española

**H**ai días, ao escribirmos sobre a decisión do Tribunal Superior de Schleswig Hollstein rexeitando extraditar Puigdemont polo delicto de rebelión, manifestei que o Plan A do maxistrado Llarena era retirar a euroorde, mais consideraba que non a ía retirar en último de contas, polo desprestixio que unha tal decisión xeraría na imaxe exterior da xustiza española, que ficaría a niveis de Zimbabwe, cando non da Somalia.

Semella que considere no maxistrado Llarena unha ansia profesional que non ten. Porque non só anulou a eu-

roorde de Puigdemont, senón as de Clara Ponsati na Escocia, da secretaria xeral de ERC Marta Rovira, na Suíza e máis a de Meritxell Serret, Lluís Puig e Antoni Comín no Tribunal de Bruxelas. É dicir, todas estas persoas fican con total liberdade de movementos agás no Estado español, onde paira sobre todos eles unha orde de detención cinguida só ao seu territorio.

Llarena decide todo este balbordo porque quere poder vulgar por rebelión a todos os acusados que están no cárcere preventivo. O que sería imposíbel se os Tribunais de Bruxelas, Edimburgo

e Xenebra seguen o ronsel do Tribunal de Kiel e din que a rebelión e a sedición só existe no miolo de Llarena e doutros maxistrados do TS e da AN.

Claro é que Llarena como maxistrado ten a obriga de perseguir calquera delicto alí onde estea o presunto autor do mesmo. Retirar as euroordes constitúe unha aberta vulneración desta obriga legal e a posíbel comisión dun delicto penado no artigo 408 do Código Penal (CP). E, sobre todo, ratifica unha pescuda xudicial non obxectiva ni imparcial, que non percura a verdade senón o castigo e que amosa que o maxistrado Llarena non respecta ferramentas de colaboración entre o Estados de Dereito da UE como as eu-

roordes.

Senón o tipo penal de omisión na persecución de delitos do artigo 408 CP, o maxistrado Llarena incorre nun grave e manifesto abuso de Dereito, ao emitir (novembro de 2017 e marzo de 2018) e retirar (decembro de 2017 e xullo do 2018) euroordes de detención só en función dun concreto resultado da investigación penal que dirixe: garantir un castigo "á carta" dos líderes soberanistas cataláns, no canto de garantir a verdade material que ha perseguir todo xuíz dun Estado de Dereito.



### Juana Rivas: unha sentenza desaquelada

**O**xuíz do Penal nº 1 de Granada ven de condenar Juana Rivas por dous delitos de retención de menores do artigo 225 bis do Código penal ( 225 bis CP) a cadansúas penas de dous anos e medio de cárcere e tres de privación da súa patria postestade a respecto dos dous menores.

A sentenza é certamente desproporcionada. Mais esta desproporción nace dun erro na aplicación da lei penal. Neste caso hai unha única acción, un único ben xurídico protexido vulnerado ( o mantemento dos menores

na convivencia canda o proxenitor custodio) e, xa que logo, un só delicto. En circunstancias normais, nas que non existisen outros elementos a considerarmos, a pena non habería sobardar os 28-30 meses.

Mais neste caso hai outras cuestións absolutamente substanciais que non se tiveron en conta na sentenza. Porque exclúe este delicto o feito de existir causas xustificadas para a retención ou substracción. Causas que evidentemente van vencelladas á interpretación que a nai neste caso fixo

do risco que vivían os seus fillos na compañía do seu pai, co e non só na condenado no 2009 por un delicto de violencia machista e acusado dende xullo de 2016 polo mesmo comportamento (denuncia á que a xustiza italiana non lle deu aínda trámite). Unha interpretación apoiada polo criterio de xuristas funcionarias da Administración autonómica andaluza, quizais dun xeito irresponsábel nalgún intre concreto. Verdade é que a entrega efectuose serodiamente, xa executiva a sentenza civil, cando llelo ordenou o xulgado de instrución penal. Mais fíxose sen necesidade de coerción policial, antes de rematar o prazo outorgado, polo que semella que habería terse acollido unha atenuante de re-

paración do dano.

Botouse faltar un axuízamento dende a perspectiva de xénero. Dende a condena do 2009 Juana volveu vivir co pai dos seus fillos e e non denunciou até que voltou en 2016 a Andalucía. Desta omisión deduce o xuíz a inexistencia de violencia machista, cand esa falla de denuncia é característica de moitos procesos de maltrato, nomeadamente dos de anulación da personalidade por maltrato psicolóxico.

A probabilidade desa violencia, conectado coa "causa xustificada" do 225 bis CP xustificaba considerar unha eximente incompleta que rebaixara substancialmente a pena imposta. A sentenza é desaquelada e xera unha grande alarma social.

Por Jesús Témez Fernández

### Pequenas reflexións

**A**ltruísmo histriónico con respecto á emigración: Sanidade universal, acollida do Aquarius, derriba das concertinas. Resurrección do odio e do enfrontamento histórico: comisión da verdade sobre o franquismo, exhumación e traslado do cadáver de Franco e futura conversión do Val dos Caídos. Aumento indiscriminado de impostos: diésel, banca, sociedades, IRPF, ao aforro. Complacencia sumisa co nacionalismo: entreguismo verbal e gestual, achegamento de presos etarras e sediciosos. Irrelevancia e peloteo intolerable con Alemaña: si, con ese país que nos con-

sidera "de facto" e "de iure" unha nación semibárbara e pouco democrática.

Pois SÍ, ese é a bagaxe que nos está deixando ese fabuloso equipo de goberno que cando se conformou recibiu as máis edulcoradas adulacións de todos os sectores. Si, de todos.

A inmigración converteuse en España nun símbolo da bonhomía da esquerda, nun patrimonio que quere evidenciar para humillar ética e moralmente a esa dereita estigmatizada de ególatra, nacionalista e antiuniversalista. En Europa os gobernos de países de non dubidosa tradición democrática como Italia,

Austria e agora a propia Alemaña están a levar precisamente políticas antitéticas ás do noso lince da Moncloa. Pero diso e sobre iso non se vai a debater.

Por outra banda no ámbito internacional, a Trump xa se lle acusa ata da morte de Manolite. O máis hilarante e cómico é a última crítica dos sectores progresistas dos mainstream. A súa acusada falta de educación e protocolo nos encontros institucionais con outros presidentes ou xefes de estado. O último caso que reflicten é o desacato e humillación á que someteu á raíña Isabel de Inglaterra por chegarlle dez minutos tarde. Sí, como o len. A progresía zascando a Trump por irreverente e impuntual coa gran defensora da po-

breza e causas xustas do orbe planetario. En fin para poñer pés en polvorosa.

E para finalizar unha última reflexión sobre a nai Rusia. Ese país que para os ricos progres burócratas europeos é un conato de nación semibárbara, atrasada e decimonónica liderada por un pseudodictador proveniente do KGB. Cabe dicirlles que a conclusión á que chegaron todas as corresponsalías dos países participantes neste evento planetario é que a organización, a seguridade e infraestruturas do mundial son dignas dos mellores da historia. Benditos pseudodictadores.



## Desmantelamento dos sevizos de Pediatría nos Centros de Saúde

**A** Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública quiere mostrar a súa preocupación, trala publicación das listas de agarda, a data do 30 de xuño do 2018:

1. A Xunta mantén a súa política de ocultamento; non se publican as listas non estruturais: pacientes que rexeitan ser atendidos, en centros privados concertados e aos de enfermidades complexas que non atende a privada-concertada. Pódense estar ocultando máis da metade dos enfermos pendentes de intervencións cirúrxicas.

2. Aínda así, as listas publicadas non experimentan unha mellora sig-

nificativa si acumulamos 33.024 pacientes pendentes de operación e 161.577 pendentes de consulta con especialistas hospitalarios: máis de dous meses para cirurxía e un mes para primeira consulta. Proba evidente da incapacidade da Consellaría de Sanidade.

3. Beneficiarios: as empresas sanitarias privadas (grandes multinacionais) ás que o SERGAS deriva cada vez máis doentes (especialmente trala entrada en vigor da Lei de Garantías de Tempos de Espera) co rexeitamento de moitos afectados.

Esta non é a solución. Pois son os centros privados, como POVISA ou de xestión Pública Privada como o Hos-

pital Alvaro Cunqueiro de Vigo, os que presentan listas cirúrxicas máis elevadas: 80,5 e 84,5 días respectivamente, fronte aos 57,8 media do conxunto do sistema.

Resulta preocupante a espera para algunhas probas diagnósticas; dous meses para unha Resonancia Magnética; ou un mes para o PET (proba



que permite diagnosticar a diseminación de tumores malignos). Para-

doxal, que se tarde 119 días (máis de tres meses) en realizar unha endoscopia dixestiva trala posta en marcha do Screening de cancro colorectal que pretende realizar un diagnóstico precoz deste problema na poboación.

5. Si sumamos as esperas de primeira consulta con especialistas hospitalarios (37 días), a de probas diagnósticas (pode superar os 130 días) e a de cirurxía (57,8 días), resolver un problema de saúde con intervención cirúrxica pode superar os 200 días de media. Moitos pacientes poden superar un ou dous anos.

Resumindo: máis do mesmo; proba da falta de recursos en sanidade; incapacidade de xestión da Consellaría, deriva privatizadora da política sanitaria de Feijoo. A solución para o PP pasa polas empresas sanitarias privadas, algo que a AGDSP seguirá denunciando.

Por Amador Rego Villar-Amor

## Dous aniversarios centenarios

**O** día 18 de xullo cúmplense cen anos do nacemento de Nelson Mandela, nun poboado de Umtata no estado de Transkey, en África do Sur. Pola súa loita contra a aberrante política de Aparteil, condénanlle a prisión onde pasa máis de 27 anos. Ingresa en prisión o domingo 5 de agosto de 1962, curiosamente o día que falece Marilyn Monroe. Pasa a maior parte dese tempo na Illa Robben, hoxe lugar de peregrinación de moitos admiradores e turistas. Ofréncelle a liberdade a él só, pero este négase, pois pide que aos compañeiros concédanlle a mesma graza, e ao non ser así o renuncia a ser libre. É unha pena que hoxe este país atópese mal pola corrupción e pola inseguridade, con alto índice de criminalidade, un país cos grandes recursos que ten.

En 1989 chega ao poder en África do Sur, Fredrick Willen Klerk e empeza un cambio de política, que fai que empece a ter contactos con Mandela, ata que é posto en liberdade xunto con máis presos. Celébranse eleccións. Mandela preséntase e gana por ampla

maioría. Pasa a ocupar o poder desde o 10 de maio de 1994 ata o 14 de xuño de 1999. Fala de paz e reconciliación, o que fai que máis que merecidamente concédanlle o premio Nobel da Paz en 1993, xunto a Fredrick de Klerk. Aos 20 anos despois de concederlle leste mesmo premio injustamente a Henry Alfred Kissinger. Insisto nisto pois foi un verdadeiro escándalo este premio, pois o representante de Vietnam do Norte, non quixo recoller tamén o premio; era máis pobre, pero máis digno.

Mandela non se aferra ao poder; renuncia a iso e dá paso a outro xefe de Estado, por suposto de raza de cor. A vida prémialle con gozar de 14 anos de xubilado de xefe de Estado, falecendo o 5 de decembro de 2013, sendo o seu enterro un acontecemento mundial, coa presenza de case todos os xefes de Estado do mundo, en recoñecemento ao seu máis que exemplar xenerosa conduta política.

Tamén se conmemora o día 17 de xullo o asasinato e de qué maneira! de Nicolás II e toda a súa familia en Ekaterimburgo hai tamén 100 anos.

Fora destronado un ano antes e pediu asilo ou refuxio en Inglaterra onde o rei Jorge V, era o seu curmán carnal, fillos de irmás, pero tamén ambas as esposas eran irmás. O parecido entre ambos era moi grande, pois cando asiste á voda do seu primo Jorge V, a el confúndeno co noivo. Pero o seu primo Jorge V fai todo o posible para que o seu primeiro ministro Lloyd George, non lle conceda o asilo ao seu primo, o 17 de abril de 1917. Sen comentarios. Ofrécese a recibilo en España e darlle asilo o noso rei Alfonso XIII; fai xestións pero éstas non frutifican. Aproveito para dicir que durante ese período o noso Rey tiña unhas oficinas na parte superior do Palacio de Oriente e con cargo ao orzamento da Casa Real. A axuda a prisioneiros de ambos os bandos do conflito de entón, en que son liberados miles de prisioneiros de ambos os bandos así como tamén civís. Historia ésta de Alfonso XIII pouco coñecida pola maioría dos españois, que ademais cando chega a Londres en 1931 exiliado, ten un gran recibimento popular.

O asasinato da familia do Tsar, xunto aos seus serventes e ao seu médico, é por orde directa dun dos maiores criminais da historia Vladimir illich Ulianov, alias Lenin. Este con

apoio do Káiser Guillermo II de Alemaña, tamén primo de Nicolás II, dá o golpe da revolución de outubro. O pobo ruso pasa dunha ditadura dun goberno autocrático a unha ditadura moito peor con centos de miles de mortos por fusilamentos e por fames negras durante aqueles anos. Debo engadir que o noso paisano galego, o político español máis honrado do século XX, Julián Besteiro Fernández, define este nacente movemento político como a aberración política máis grande que coñeceron os séculos, dito en agosto de 1936, por mor dos graves sucesos en Badaxoz.

É curioso que un ser tan desprezible, que tantos mortos causou en Rusia, falamos de centos de miles, así como tamén as grandes fames negras, que cando falan de asasinatos e criminais da historia certas esquerdas evitan comentalo, cargando as tintas con outros de moita inferior maldade, así como tamén entre xornalistas, políticos e profesores. Dicar tamén que o retrato de Lenin preside a sala de xuntas dun sindicato aquí no noso Ourense! Qué vergoña!.



## Opinión

Por Antonio Rodríguez Álvarez

### A utilización política do topónimo Doade

É de todos coñecida a avidez coa que os nosos representantes aprópanse de toda sorte de éxitos dos axentes da prosperidade (léase empresarios) na súa pretensión de facelos propios en aras a xustificar, a maior parte das veces, a súa propia incompetencia. É o caso do embarcador de Doade ou da ponte de Paradela que, dun tempo para acó, reivindica o Concello de Monforte de Lemos coa intención de modificar a súa actual denominación ao entender que, contra a propia historia, a demarcación civil prevalece sobre a demarcación eclesiástica vixente na actualidade.

Como sinala Sánchez Pardo no seu traballo "As igrexas rurais e o seu papel na articulación territorial da Galicia medieval", un dos elementos principais da organización territorial medieval do

Noroeste da Península Ibérica foi a parroquia rural, a cal constitúe a nivel histórico un potente reflexo ou indicador do grao de articulación social medieval e permítenos comprender mellor as raíces da paisaxe tradicional galego.

A parroquia na súa orixe non orixina nin transforma unha estrutura de poboamento preexistente, senón que adap-



tándose a ela articúlase e dótaa de coherencia sendo a partir do século IX cando se delimitou con exactitude o territorio de cada templo de maneira que no X cada parroquia xa ten un espazo estable que comprendía un número variable de "villae".

A Diocese de Lugo na actualidade consta de catorce arquidiocese. A freguesía de Amandi inclúe a parroquia de Doade (antigo Coto) que comprende, sen solución de continuidade, Vilachá, Castro, Mourentán, Doade, Francos, Palleiros, San Pedro de Baños, Coado e Lampaza. No ámbito civil, o municipio de Sober comprende vinte e unha parroquias, con solución de continuidade na parroquia de Doade, de tal

modo que non inclúe dentro do seu territorio parte da parroquia (Palleiros, San Pedro de Baños e O Coado). Noutras palabras, a parroquia de Doade forma parte de dous concellos: Sober e Monforte de Lemos.

É por iso que toda reivindicación do nomee "Club Náutico de Doade" como territorio da parroquia de Marcelle, do termo municipal de Monforte é radicalmente torticera. Este club náutico non pertence á parroquia de Marcelle senón que é propiedade do monte veciñal en man común de Palleiros e San Pedro de Baños que, como queda devandito, pertencen á parroquia de Doade. Toda terxiversación histórica e manipulación política dunha realidade que ten unha vixencia de máis de mil anos, soamente pode conducir ao absurdo e provocar unha xeneralizada sensación de rexeitamento na poboación afectada.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

### Consellos

Daría Darío Rivas: "...non é democracia o que tedes por aí, non se respira a liberdade que merecedes, nin é a agardada; a que tedes é de pouco calado social, de escaso conforto. Seguides constrinxidos polas leis "do vello" que deixou todo ben atado!". Ten razón, pero non só polas leis senón pola aplicación de extremos códigos que posibilitan a trampa, xuíces da reacción que seguen a non deixar avanzar liberdades e novos delitos, no público e o ben común. Non é posible sentir anceios de libranza co peso obstructivo das tantas obrigas que limitan. Non é posible o desenrolo, a aposta polas anovacións, a facilidade emprendedora nin a soltura que conforma a Liberdade soñada. Tampouco é posible a confianza no medio desta ousadía que se atreve a camiñar por camiños que protexen aos verdugos. Non hai leis que eximan aos presuntos inocentes, que liberen e desobriguen aos culpados por indicios increíbles e que nos solten dos atados que fixeron, con imposicións -como a monarquía e leis

obsoletas vixentes, coas impunidades de certos elementos na indecente posición de incumprimento, de non reparación das nosas memorias ofendidas. Seguen coa cultura da ameaza e o medo, coas leis que nos resolven urxentemente "terroristas", sen probas, aos que non pensen coma eles. Como incitadores ao odio, como pensantes que discrepamos. Queremos que as cousas sexan doutro xeito. Aí están confabulados os moitos que calan. Si, aqueles que desde "a oposición" consenten educadamente. Hai exemplos. Vai un: resulta que Patrimonio Nacional di que seica puido haber malversación de fondos co Pazo de Meirás, pero -engaden, desde a xurisprudencia- que non están lexitimados para intervir pois o delito prescribiu. É para enfadarse e provocar, fano desde a ostentación ou a omisión. Ese organismo, dependente do Ministerio de Presidencia, di que están desautorizados polo tempo. Sabe das alegacións de organismos provinciais, da xente toda que reivindica dignidade, tamén desde asociacións que reclaman o patrimonio

cultural profanado en tempos de silencio. E, agora, polo visto, máis silencio pero coas máis perversas escusas, neste caso coa prescripción do delito que precede á causa. Costa caro entender que o organismo responsable dos bens do Estado se inhiba de intervir contra os herdeiros. Parece eximise aos sucesores de quedarse co que é de todos. Escúdase no informe da Avogacía do Estado, de 1941, que simula un contrato de compra-venda, que non foi tal, pois en todo caso foi unha doazón á forza, mantido e reparado sempre con carto público. E así vemos como quen debe asesorar ao goberno, considera improcedente salvagardar a propiedade que é do pobo, en beneficio dos falsos herdeiros que, venden, por oito millóns de euros aquilo que foi roubado. Perpetúase o delito coa mudez dos "competentes" que amosan incompetencia. Nin Patrimonio nin a Avogacía, polo que se ve, se pronuncian. Calan e consenten este insulto, hoxe, despois de tanto tempo; feito, que eles saben demostra que o pazo foi pagado con aportacións obrigadas, recortes en nóminas de funcionarios, desvío de subvencións e aportacións necesarias dos concellos para que fose

propiedade do ditador. Por "doazón", compravenda ou o que queiran, pero sempre dun xeito ilexítimo e vergoñento. Este insulto é o que queren perpetrar os que se escusan. Lavan as mans e moitos outros miran para outro lado. Volve ser certa a máxima de Darío Rivas: seguimos constrinxidos polas leis "do vello": todo ben atado! Non só polas leis, senón pola aplicación de códigos involucionistas, posfranquistas que impiden o esclarecemento da verdade. Non sentimos anceios de libranza co peso obstructivo das obrigas. Non é posible o desenrolo, nin a posibilidade que conforma a Liberdade soñada e xusta. Non entendemos a pasividade dos que deberan impartir xustiza e carecen da vontade para exercela, proporcionada e reparadora do mal. Nin sequera comprenderon que "viol-ar é viol-encia", sobre todo cando numericamente o fixeron en "Manada" ou cando, agora, unha nai perde aos fillos diante dun home violento.





## O goberno local incorpora o CEIP Raquel Camacho ao programa 'Aberto ao barrio'

O programa municipal Aberto ao barrio, que supón a apertura dos patios dos centros educativos á veciñanza durante os meses de xullo e agosto, suma unha nova incorporación. Así, o CEIP Raquel Camacho, situado na Agra do Orzán, abre desde esta semana as súas instalacións exteriores á cidadanía todas as tardes, entre as 18.00 e as 21.00 horas, tal e como están a facer, desde o pasado 14 de xullo, o Manuel Murguía, Alborada, Sanjurjo de Carricarte ou o Juan Fernández Latorre.

A concelleira de Xustiza Social e Coidados, Silvia Cameán, valorou positivamente a incorporación do centro, "ao su-

mar así un novo espazo integrador no barrio da Agra". "Aberto ao barrio non só supón unha medida de lecer que favorece a conciliación familiar, xa que as nenas e nenos que asisten ás actividades que se ofrecen contan cun equipo dinamizador, senón que aposta realmente polas instalacións dos centros educativos como espazos de encontro e aprendizaxe colectivo", apuntou.

A responsable municipal destacou tamén a boa acollida entre a cidadanía da implantación da medida, que cualificou como "exitosa". Nos primeiros días da posta en marcha do programa durante o período estival, entre o sábado 14 e o do-

mingo 22, un total de 519 persoas --tanto nenas e nenos, como mozas e mozos-- fixeron uso das instalacións exteriores dos centros educativos, situados nos barrios de Monte Alto, Feáns, Castrillón e Elviña, ou participaron nas actividades propostas polo equipo dinamizador presente nos patios, que inclúen propostas como xogos populares e tradicionais, danzas do mundo ou competicións deportivas.

O programa Aberto ao barrio, que o goberno local puxo en marcha, como proxecto piloto, no mes de decembro no CEIP Juan Fernández Latorre durante as fins de semana, manterá o seu horario de verán até o 31 de agosto.

## Presentado o proxecto Bosque das Cinco Illas



O alcalde, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Medio Ambiente, María García, participaron nun encontro aberto á veciñanza para presentar o proxecto Bosque das Cinco Illas, a creación dun parque urbano de 84.000 metros cadrados no barrio dos Rosais e que se encadra dentro do proxecto Bosques da Coruña.

O rexedor explicou que a nova área verde "vai mellorar a calidade ambiental da zona, tanto na parte estética como ecolóxica, e vai incrementar as instalacións para o goce da vida ao aire libre, así como crear espazos

de convivencia e socialización en contacto coa natureza, non só para o barrio senón tamén para toda a cidade".

Ferreiro salientou que o proxecto, que introducirá árbores autóctonas nunha zona verde degradada e con especies pirófitas, "encaixa co modelo de cidade natural, sustentable, saudable e comprometida que queremos construír". Ao fio, o alcalde lembrou iniciativas como a de expansión do arborado ou a protección de espazos naturais, como o que dá nome ao futuro bosque, o ENIL das Illas de San Pedro.

## Feira do Libro de A Coruña do 1 ao 10 de agosto

A Coruña acollerá a Feira do Libro do 1 ao 10 de agosto. O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentou esta mañá a 47ª edición da iniciativa, que marcará o inicio da actividade cultural no mes de agosto na cidade así como das Festas de María Pita. A Feira desenvolverase, un ano máis, nos xardíns de Méndez Núñez, "que se converterá no grande espazo cultural vinculado ás letras", salientou o edil, acoincidir tamén a celebración do Salón Internacional Viñetas desde o Atlántico entre os días 6 e 12 de agosto.

O concelleiro destacou que este ano a rede de bibliotecas municipais da Coruña é a responsable da coordinación da iniciativa. "Para o goberno local é fundamental contar cos axentes activos no eido do libro, como é o persoal traballador das nosas bibliotecas, espazos



referencias nos barrios que favorecen a democratización do acceso ao coñecemento e que teñen, ademais, unha relevancia fundamental dentro das políticas culturais do Concello", expuxo o edil, quen salientou tamén "a inxente actividade" que estes equipamentos promoven ao longo de todo o ano.

Ademais da coordinación, o responsable municipal destacou a participación activa no deseño da programación das librerías da cidade, "dando así continui-

dade ao proceso participado e de programación conxunta que puxemos en marcha o ano pasado co obxectivo de poñer en valor e visibilizar o labor dun axente activo de proximidade". "Ao igual que as bibliotecas, as nosas librerías supoñen unha peza fundamental na difusión do coñecemento. Con esta nova edición da Feira, que ofrece unha programación frutífera e poderosa, darase conta do mapa completo do sector do libro na Coruña", sinalou Sande.

## Nova área canina no parque de Bens

A Concellería de Medio Ambiente abriu unha nova área de espaxamento para cans, situada no parque de Bens, e que, cunha superficie dunha hectárea, "converterase na máis extensa das que existen na cidade", como indica a edil María García. "A área de Bens é a terceira que se abre este ano, despois da de Eirís, que está en funcionamento dende finais de xuño, e o espazo de convivencia, regulado por horarios, situado no parque de Adolfo Suárez e que está dispoñible dende comezos de ano",

resume a concelleira.

A área canina de Bens conta con diferentes opcións para pasear ou xogar cos cans, como é unha zona de estanque ou un espazo de agility para a realización de exercicios. Este espazo, no que os cans poderán estar sen correa, permite fomentar a convivencia dentro do propio parque para os diferentes usos. Conta con tomas de auga para que poidan beber os animais, zonas cubertas para os días de choiva e mobiliario urbano como papeleiras e bancos dentro dun ambiente natural con arborado e herba. "



## Opinión

Por Gonzalo Pérez Jácome

### Auditoría ao Servizo Municipal de Augas de Ourense

**D**emocracia Ourense reclamará mediante moción plenaria a máxima transparencia e participación, así como unha auditoría actualizada completa a totalidade do proceso da nova adxudicación do Servizo Municipal de Augas de Ourense. Tras 25 anos, finalizou a concesión que estaba en mans de Viaqua, e que agora se atopa en prórroga. Dita concesión xa se viu envolvida na polémica por mor da operación "Pokemon" (Peza N.º 4 do sumario) deixando ao servizo baixo a sombra da sospeita.

Durante estes anos, asistimos a múltiples debates sobre o servizo. O máis recente acerca de construír novos colectores —derivado da necesidade

de dar solución aos problemas xurdidos coas últimas tormentas e evitar a súa repetición—, outros son a problemática dos custos do bombeo, a posta en marcha das novas infraestruturas ETAP de As Coiñas e EDAR de Alongos con novos custos de mantemento e que inciden na sustentabilidade do sistema e tamén temos sobre a mesa a necesidade de renovación de 170 quilómetros de tubería de fibrocemento.

Actualmente, o grupo de Goberno do PP contratou a PW Advisory & Capital Services para realizar un informe onde se analice a sustentabilidade e eficiencia dos diferentes modelos de xestión, por un importe de

14.399€. O dono da devandita empresa está implicado no caso Lezo, unha investigación por corrupción que afecta o Partido Popular de Madrid e que está relacionado coa Canle Isabel II, que se encarga das augas potables da capital.

Democracia Ourense é coñecedora da forma de actuar desta empresa noutras localidades, cortando en anacos o importe dos contratos, realizando prácticas totalmente irregulares. Con estas referencias Democracia Ourense entende que non é o mellor dos comezos para uns traballos que deberían finalizar co maior contrato da historia de Ourense (segundo expertos consultados poderíamos estar ante un volume de negocio que podería superar os 200 millóns de €).

O exemplo de Pontevedra onde recentemente levouse a cabo, envolvido nunha gran polémica, un proceso de adxudicación similar, debería chamar

a atención de políticos e cidadáns para esixir ao grupo de goberno do Concello a que o proceso en

Ourense leve a cabo coa maior pulcritude, transparencia e do modo máis participativo posible.

Por iso reclamarán ao Concello de Ourense que leve a cabo unha auditoría actualizada na que se poña sobre a mesa o estado de situación do servizo e as necesidades do mesmo.

Así mesmo, solicitarase que se elabore un Plan Director de Investimentos a executar para o ciclo integral da auga. Nel deberíanse recoller as obras de modernización do servizo para as próximas décadas que a cidade vén demandando e que Democracia Ourense esixirá que leven a cabo.



Por Carlos Méixome

### O nome das cidades

**O** outro día referíamonos ás mudanzas franquistas, algunhas aínda sobreviven, do nome de cidades e vilas.

Na vella Europa, andamos sempre á procura de documentos medievais, chartae populationis, na que figure algo así como "Et imposimus ei nomen..."; o que veña despois sinala a grandeza de orixe, a historia.

Nos territorios con exceso de historia, como os nosos, estas cousas adquiren un relevo extraordinario ata o punto da invención sabida, consentida e reiterada. Esa Noia tan recuada como para ser fundada pola filla de Noé; Tui e Pontevedra obra de refuxiados troianos; Lugo bautizada en rememoración do deus céltico... Non coiden que é cousa exclusiva do noso excesivo "realismo fantástico". A atlántica Lisboa,

Olissipo, foi fundada polo mismísimo Ulises; mentres que a mediterránea Barca Nona catalá é obra do Hércules; o que non sabemos é se foi antes ou despois de andar a trompadas na Coruña co xigante Xerión.

O exceso de historia pode mesmo producir alteracións nominais como o de San Petersburgo, aquel delirante proxecto de Pedro OGrande, o tsar modernizador e antecesor de Stalin e a súa non menos gloriosa modernización forzada. O tsar Pedro que ollaba babeante para occidente quería ter a súa Viena, o seu Londres ou o seu París, e non parou en cativeness; chantou a súa capital nas xunqueiras do Neva aínda que fose secándoas con corpos de servos. Durante douscentos anos foi capital do imperio. Cando o oso ruso tornaba os ollos de occidente e

ollaba para as esencias eslavas mudáballe o nome, daquela era o Petrogrado das revolucións de 1917. Os bolxeviques deixárona sen a capitalidade, pero tras a morte de Lenin compensárona trocándolle o nome do tsar polo do líder falecido ao que Putin considera santo. Ficou como Leningrado durante setenta anos, mais a reviravolta da historia devolveulle o vello nome petrista e occidental. Mais como a cousa segue aí, aí, entre oriente e occidente, a actual San Petersburgo segue a ser a capital da rexión autónoma denominada Leningrado, non vai ser! A historia escrita no nome da cidade.

Ao igual que a outra gran capital europea; aínda que como esta, só en aparencia periférica. Se unha é recente, a outra afonda nos tempos recuados de séculos antes do actual xeito de contar. Aló, hai case tres mil anos, en honor dun rei de Megara, chamáronlle Bizancio á nova colonia fundado por xente orixinaria desta cidade

grega. Persas, atenienses, espartanos, macedonios, tracios... andaron tras dela ata que chegaron os romanos. Un deles encaprichouse da fermosa cidade do Bósforo, engrandeceuna como se fose unha nova Roma e chamoulle Constantinopla. Acabárase convertendo en capital do Imperio Romano de Oriente. Perviviou, en mudanza lampedusiana e nominal, recollendo a vella denominación grega, aínda que a cidade se seguise a denominar Constantinopla, como aínda se fai hoxe entre os gregos e outros veciños europeos. En 1453 abaneou Europa e o último emperador Constantino XI seguía preocupado pola eterna discusión sobre o sexo dos anxos sen se decatarse de que tiña os otománs na porta da cidade que eles chamaban Istanbul. Un exceso de historia.





## Ana Miranda denuncia que o acordo acadado entre a Comisión Europea e Marrocos vulnera a legalidade internacional

### A eurodeputada do BNG defende que as negociacións deberían celebrarse coa República Árabe Saharaui Democrática

A eurodeputada do Bloque, Ana Miranda, critica duramente o acordo en materia pesqueira acadado entre a Comisión Europea eo Reino de Marrocos, xurdido tras as negociacións rematadas onte, xa que considera que se trata dunha vulneración da legalidade internacional, que esta reconece como lexítimo dono das augas ao Sáhara Occidental.

O pasado mes de febreiro, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea excluíu as augas Saharauís do acordo pesqueiro con Marrocos e reconeceu que o único e lexítimo propietario destes recursos é o Pobo Sa-

harauí. Desde entón, segundo o BNG, debería terse impulsado un acordo pesqueiro coa República Árabe Saharaui Democrática (RASD) "e non continuar vulnerando a legalidade".

"O BNG quere, por suposto, que exista un acordo de pesca, pero nas augas territoriais do Sáhara Occidental hai que facelo co Frente Polisario, e non con Marrocos, que incumpre todos os acordos", explica Ana Miranda, quen lembra que hai xa dúas sentenzas do Tribunal de Xustiza Europeo sinalando que o acordo é ilegal.

A eurodeputada do Bloque critica, ademais, a afirmación da Comisión Europea segundo

a cal esta consultou todas as partes preceptivas. "Isto non é certo, porque non consultaron a parte saharauí", denuncia. "A Comisión non pode saltarse todos os procedementos e pasar por alto as sentenzas do Tribunal de Xustiza", apunta.

#### Favores que pagar

"O BNG quere que exista un acordo de pesca, pero non quere un acordo de pesca ilegal en augas que son propiedade do seu lexítimo dono, o Pobo Saharaui, tal e como di a normativa internacional", subliña Ana Miranda, quen lamenta que a Comisión Europea "siga a ser comprada por Marrocos como sempre, porque hai moitos favores que pagar, sobre todo en relación á emigración".

"Non se pode cortoplacista defendendo os dereitos hu-



manos por un lado, facendo un paripé, e logo, cando se trata de defendelos de verdade coa poboación afectada, deixalos de lado", manifesta Miranda. A eurodeputada critica asemade a política, colonialista que leva a cabo Marrocos que desvía poboación marroquí ás zonas saharauís pesqueiras, facéndoa pasar por poboación local. Este procedemento vul-

nera os acordos da ONU, xa que estes estipulan que os acordos de pesca deben beneficiar as poboacións locais, é dicir, á poboación saharauí.

A respecto dos barcos que se atopan faenando nestas augas, a eurodeputada galega defende que desde o Bloque "queremos que sigan faenando alí, pero tras o preceptivo acordo co seu lexítimo dono".

**Abogados Moreno**

bsuarez@abogadosmoreno.es [www.abogadosmoreno.es](http://www.abogadosmoreno.es)

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.  
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil  
Empresarial  
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal [www.barxadvogados.gal](http://www.barxadvogados.gal)

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense  
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo  
Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

## Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·  
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·  
Ampliación de capital 2016



**PÉREZ - LEMA**  
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo  
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

[www.xoanantonperezlema.com](http://www.xoanantonperezlema.com) Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña



## Rehabilitación do acceso a Trascastro no Incio

O deputado de Relacións Institucionais, Álvaro Santos Ramos, e a alcaldesa do Incio, Laura Celeiro García, acompañados de veciños, supervisaron as obras de rehabilitación financiadas pola Deputación con 40.000 euros na estrada municipal que comunica coa parroquia de Trascastro. Trátase dunha vía fundamental no municipio da Montaña Lucense, pois é a estrada que dá acceso a esta parroquia do Incio na que viven unhas 20 familias, que se verán directamente beneficiadas polos traballos de reacondicionamento.

Santos Ramos apuntou que “con estas actuacións ofrecemos unha resposta inmediata a unha necesidade dos veciños do Incio, pois a estrada na que acometemos obras de rehabilitación sufriu fortes desprendementos de árbores nas últimas semanas a consecuencia das intensas choivas. Trátase dunha vía de comunicación fundamental para o Concello sendo a única estrada que comunica coa parroquia de Trascastro, polo que a urxencia e necesidade de actuación para garantir aos veciños a circulación con seguridade nesta zona fai que hoxe esteamos aquí, ofrecendo solucións coa maior rapidez posible, dentro da nosa aposta por unha Deputación rural, social e comprometida coas persoas”.

O deputado avanzou que “as obras que se están a levar a cabo nesta vía consisten na execución de muros de contención ao longo



Construción dun muro de contención.

da estrada, para evitar novos desprendementos, a reposición do firme, así como a colocación de varanda en diversos tramos”.

Celeiro García agradeceu “a colaboración e a cooperación do goberno da Deputación cos veciños do Incio, que unha vez máis queda referendada, dando resposta ás nosas demandas e necesidades, máis se cabe en caso de emerxencia como foi nesta estrada de Trascastro, xa que o seu estado dificultaba o tráfico rodado nesta zona”.

## A Deputación mellora a estrada de Sober a Doade

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, supervisou o remate das obras de mellora da estrada LU-P-5903 de Sober a Doade, financiadas polo executivo provincial cun investimento de 230.000 euros. Os traballos leváronse a cabo nun treito de 4,46 quilómetros dende o punto quilométrico 8,26 ata o 12,72 e consistiron na limpeza de cunetas, rehabilitación do firme con aglomerado en quente, renovación da sinalización horizontal e vertical, e repintado.

Campos Conde subliñou que “con esta actuación non só beneficiamos aos máis de 2.300 veciños de Sober, senón tamén aos milleiros de turistas que empregan esta estrada para



A estrada comunica con miradoiros de Sober e adegas de Amandi.

acceder aos principais miradoiros do Canón do Sil e ás adegas. Trátase, polo tanto, dunha das principais vías de comunicación da Ribeira Sacra e tamén unha das máis transitadas durante as fines de semana e, especialmente, na época estival”.

O presidente engadiu que “dende o Goberno buscamos mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, pois somos

unha Deputación social, rural e comprometida coas persoas. Nesta ocasión facémolo a través desta actuación na LU-P5903 coa que se benefician os veciños de Sober e, sobre todo, os hostaleiros, comerciantes e profesionais do sector terciario que teñen o seu negocio nesta zona da provincia, que cada vez recibe máis visitantes atraídos pola fermosura e espectacularidade da Ribeira Sacra”.

## A Deputación financia as obras do novo cámping de Ribas de Sil



O tenente de alcalde Roberto Castro con Álvaro Santos mirando os planos.

O deputado provincial de Relacións Institucionais, Álvaro Santos Ramos, o alcalde de Ribas de Sil, Miguel Ángel Sotuela Vega, e o tenente de alcalde, Roberto Castro, supervisaron o inicio dos traballos de construción do cámping de Ribas de Sil, que se están a levar a cabo nas proximidades da praia fluvial de San Clodio. Trátase da primeira fase de execución das obras, que conta cun orzamento total de 420.000 euros, dos que a Deputación achega 100.000 e o Concello a cantidade restante, con fondos propios, procedentes dos remanentes de tesouraría de exercicios anteriores.

Santos Ramos sinalou que “este cámping supón unha gran oportunidade de hospedaxe para o Concello de Ribas de Sil, pois terá capacidade para albergar a un centenar de persoas. Ademais, constitúe unha alternativa sostible para ampliar a oferta hoteleira e responde a unha política de desenvolvemento orientada á futura creación do Xeoparque Mundial da Unesco, candidatura á que este municipio aspira xunto con Quiroga e Folgoso do Courel, e que se

resolverá en 2019”.

Pola súa parte, Sotuela Vega apuntou que “é o investimento máis importante na historia do Concello, e no que temos depositadas grandes expectativas, ligadas á consecución do distintivo internacional de Xeoparque. Neste senso, é de agradecer o esforzo e colaboración da Deputación para que este proxecto poida saír adiante”.

As obras desta primeira fase, que estarán rematadas a mediados de 2019, consisten en traballos de urbanización, xardíns, e dotación de auga e luz na área destinada a cámping, ademais da construción dos edificios comúns, como a recepción, cafetería-restaurante e aseos. Mentres que a segunda fase consistirá no levantamento de 8 bungalós, de 36 metros cadrados cada un. Trátase da construción dun cámping municipal, que se vai habilitar preto da ponte sobre o Río Sil e da área recreativa, unha das zonas máis visitadas deste municipio da Ribeira Sacra. Estará dividido en tres áreas diferentes: unha zona de acampada, outra para caravanas e unha última zona de bungalós.

## O Concello de Sober aprobou o orzamento no que prima o gasto social

O Concello de Sober aprobou o orzamento de 2018, unhas contas nas que prima o gasto social e os investimentos reais e que ascenden a 2.948.000 euros, fronte aos 2.551.000 de 2017. O alcalde, Luis Fernández Guitián, explicou que se trata dun orzamento “aberto” con moitas partidas xeneralizadas na práctica totalidade dos departamentos onde pode facerse gasto corrente ou pequenas inversións que se estimen necesarias en cada momento.

O goberno local destina a gasto social máis de 600.000 euros e algo máis de un millón de euros a investimentos reais. Contémplase a ampliación do servizo de Axuda no Fogar, incrementando a plantilla con dúas novas auxiliares e ampliando o número de horas de libre concorrencia. Os traballa-

dores que se citan non están incluídos no presuposto municipal, polo que se fará a correspondente xeración de crédito en cada caso. Ampliase ademais a dotación das becas de transporte universitario por segundo ano consecutivo e incrementase a dotación das axudas aos clubs de fútbol, á Banda de Música e ás festas parroquiais.

### Peso do emprego

O emprego segue a ter un importante peso, 54.000 euros destínanse ao Depuemprego, hai unha asignación para un novo obradoiro de emprego, axudas para emprendedores (mediante a aprobación dunha ordenanza). Ademais contarase co financiamento ao 100% de dous obreiros de Aprox Rural, dous de Risga, 1 socorrista, 1 auxiliar de Protección Civil e 10 integrantes para dúas brigadas antiincendios. O Concello

segue rebaixando a débeda viva, polo que rematará o ano con menos de 100.000 euros, cando en 2012 co plan de pago a provedores a débeda se situaba nos 400.000 euros. Consígnase unha partida igual que o ano pasado para o mantemento das depuradoras rurais, que están perfectamente atendidas.

No capítulo de inversión destaca a aposta pola ampliación de rede de abastecemento con case 450.000 euros ou a continuación do saneamento de Doade con 75.000 euros. Destinaranse máis de 300.000 euros para mellora de camiños, (Plan Marco, Axuda da Consellería de Presidencia para a Rúa de Belán, Urbanización no Barrio de Figueiroá con cargo ao ARI ou acceso a viñedos, entre outros).

O goberno local reserva



Casa Consistorial de Sober.

unha achega de 150.000 euros para o investimento en turismo que dedicará á mellora dos miradoiros de Souto Chao, Os Chelos e Pena do Castelo; así como ao mantemento de todos os recursos turísticos, entre eles á área Arqueolóxica en Proendos.

### Non soben os impostos

O orzamento municipal mantén os impostos nas mesmas taxas que o pasado ano, non sobe nin o prezo da gardería, nin o lixo, o IBI, o imposto de vehículos, a cota da Escola de Música, a auga nin o sanea-

mento. Cóntase cun aumento dos ingresos por auga e saneamento, por haber máis abonados e unha maior recadación por lixo, posto que se está a levar a cabo un varrido para que todo o mundo pague o seu recibo. Tamén se incrementan as achegas derivadas do IBI cos ingresos por atrasos que fará a Deputación.

A partida do Plan Único destinarase á feira do viño, 5000 euros; a emprego, 54.000 euros; SAF, 26.000 euros e obras de abastecementos de auga, 235.000 euros.

## Sober mellorará os miradoiros

O goberno local do Concello de Sober mellorará este verán os miradoiros de Pena do Castelo e Soutochao, en Doade, e o dos Chelos, en Amandi. As obras contarán cun presuposto de 45.000 euros e teñen unha axuda de 30.000 euros de Turismo de Galicia a través da convocatoria das subvencións para a mellora de infraestruturas turísticas. No caso de Os Chelos e Soutochao trátase de miradoiros non integrados feitos con baldosa ou formigón que necesitan ser reformados para a súa integración na paisaxe. Así, no caso dos Chelos e Soutochao a actuación vai consistir na súa reforma integral. Van utilizarse materiais nobres, como madeira e granito co obxec-



Miradoiro de Cadeiras.

tivo de que queden integrados na paisaxe igual que o están os miradoiros de Cadeiras ou Santiorxo.

No caso de A Pena do Castelo vai reformarse o cenador que hai na área de descanso. Tamén se acometerá a limpeza integral e a ordenación da zona do miradoiro e a capela.

Nos tres casos se acometerá a ordenación da zona de aparcadoiros. O Concello conta xa con todos os permisos para levar a cabo os traballos. O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, salienta a importancia destes traballos “que permitirán incrementar o atractivo da nosa rede de miradoi-

## Ruta polos miradoiros

O 17º Festival Ribeira Sacra organizou dentro das súas actividades paralelas aos eventos musicais “Para sentir o territorio”, unha ruta guiada polos miradoiros de Sober, coa fin de dar a coñecer o patrimonio paisaxístico e natural no territorio da Ribeira Sacra. Foi un treito seleccionado de 7,5 quilómetros, da Ruta dos Miradoiros no Concello de Sober, de 46 quilómetros, de 3 horas e media de duración e dificultade media. A ruta saíu do Miradoiro de Cividade e transcorreu polo Concello de Sober ata o Escenario Alhambra-Miradoiro de Santiorxo, último punto do roteiro, ao que se

chegou a tempo de asistir ao concerto de Elvis Perkins neste miradoiro.

O treito seleccionado da Ruta dos Miradoiros pasou, na primeira metade do seu percorrido, en paralelo ao Canón do Sil, con parada nos miradoiros da Cividade e O Boqueiriño e nos puntos de observación naturais que brindan distintas vistas do canón. A segunda parte do roteiro introdúcese na fraga de Vilanova, atravesada por camiños delimitados por pedras cubertas de musgo. O derradeiro tramo do camiño pasa pola aldea de A Somoza, antes de chegar ao miradoiro de Santiorxo, último punto desta ruta.



## Galicia

Redacción OURENSE

## O Concello pechou a cafetería La Central

Desde primeiros de xullo a céntrica cafetería do xardín xaponés e a súa terraza anexa ao antigo hotel San Martín, La Central, permanece pechada. A decisión foi adoptada pola Xunta de Goberno Local despois dun longo expediente ao entender que o establecemento estaba a ser explotado por unha empresa que non era a adxudicataria, algo que de acordo cos pregos que rexen as concesións municipais non está permitido. A decisión tomouse o 28 de marzo do 2018, cando se daba un prazo de dez días para o desafuzamento administrativo. Os diferentes recursos presentados polos afectados demoraron a deci-

sión final ata agora. Con todo, a Xunta de Goberno Local rexeitaba o último recurso o pasado 31 de maio. A concesión está en mans de Kisinger Baltic, como anteriores donos do hotel San Martín; propietaria orixinal cun contrato por 50 anos que este verán chegou ao seu fin.

A sociedade que explotaba as instalacións pechadas está participada por María José Caldelas, exparlamentaria do Partido Popular e muller do presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar. O canon anual que pagaba a concesionaria estimábase que está en menos dun euro ao ano, aínda que ao perderse parte do expediente nunca se puido comprobar. De feito, os

ingresos por este establecemento non aparecen nas contas municipais. Os xestores que explotaban o local despois dunha ampla reforma desde hai xa varios anos sempre alegaron no seu defensa, que eles chegaron a un acordo de aluguer do establecemento por unha "elevada renda".

### BNG e DO

O BNG, na anterior lexislatura municipal, promoveu unha comisión de investigación sobre o local. Recentemente, Democracia Ourensana, acudiu ao xulgado para denunciar o caso.

"Democracia Ourensá congratúlase polo peche da cafetería La Central", sostén nun comunicado de prensa. "Entendemos que foi nosa



Situación actual da cafetería La Central.

presión e denuncias mediáticas e xudiciais, as que fixeron que o grupo de goberno do PP non dilatase máis o deshaucio". De todos os xeitos, Democracia Ourensana "non retirará a denuncia que formulamos hai dous meses no xulgado de Ourense, por entender que existiu un atraso non xustificable desde xaneiro 2018, cando xa se podería tomar o local".

Ademais, di DO, "mentres a diversos locais de Ourense tóstaselle con multas coercitivas, á La Central permitiulle estar ata o último día a custo 0 para a muller de Baltar, o xefe do alcalde de Ourense que é só un monicreque". Democracia Ourensá "denunciou esta práctica, a de non multar a amigos do PP, como ocorreu co edificio do Parque San Lázaro, de Elier Ojea".

## Ourense en Común propón reconverter a oficina de turismo da Xunta nun centro de interpretación da Ponte Vella

A concelleira de Ourense en Común, Montserrat Valencia, interpelaba en xunta de área ao responsable da actividade turística de Concello de Ourense, Jorge Pumar, sobre o pacto acadado entre a administración autonómica, a provincial e a local para centralizar a información turística nas oficinas municipais sitas nos Xardíns do Padre Feijóo.

O acordo, que segundo un comunicado da administración autonómica "permitiría unificar criterios e aforrar custes", derivará no peche da oficina de turismo da Xunta de Galicia situada ao carón da ponte romana, na beira do Pavillón dos Remedios. O novo "uso descoñecido" ao que se destinará o edificio, queda "moi condicionado" ao atoparse anexo ao monumento, declarado Ben de Interese Cultural,



Oficina de Turismo da Xunta de Galicia en Ourense.

razón pola que dende Ourense en Común propoñen transformar as antigas dependencias de información nunha aula interpretativa ligada á propia historia da Ponte Vella, "dende a época romana ata a actualidade, explicar como se cruzaba o río antes de existir a ponte, a importancia desta na fundación da cidade, as reformas, expoñer os planos e fotografías antigas...", explica o voceiro do grupo.

A solución que suxiren, "permitirá engadir valor ao monumento como recurso turístico e garantir que o edificio non quede no abandono", segundo Martiño X. Vázquez, que entende que esta é unha "moi boa oportunidade para dar a coñecer a toda a veciñanza de Ourense e aos visitantes a historia desta importante infraestrutura que permitiu poñer en contacto as dúas beiras do Miño".

## Desaparece "Outono Fotográfico" o certame decano da Península Ibérica



Directivos do Outono Fotográfico.

Os organizadores das últimas edicións do Outono Fotográfico (OF), Xosé Lois Vázquez e Vítor Nieves, non obtiveron resposta por parte do Concello de Ourense ás súas reiteradas demandas de solicitude dunha entrevista para abordar e buscar unha saída para o proxecto. Mes e medio despois das entradas en internet e de recoñecer Xosé Lois Vázquez a crise pola que estaba a pasar o certame, o responsable da sección oficial das exposicións do Outono, Vítor Nieves, xa desvelaba o futuro do festival. "Non sabedes a tristeza que é fazer a crónica dunha morte anunciada".

A desaparición do OF chega logo de presentar unha nova edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea que convoca o OF xunto á Xunta e á Deputación de Lugo. O OF súmase deste xeito aos colectivos e proxectos culturais de Ourense que teñen problemas co Concello para acceder ás subvencións, o que pon en perigo a súa continuidade. O festival fotográfico decano na Península Ibérica é un dos máis antigos do mundo. Desde a organización afirman que "lamentablemente a historia do Outono Fotográfico rematou de forma non desexada e abrupta".

## Castro Caldelas en defensa do servizo médico de pediatría

O PSdeG-PSOE de Ourense “sumouse á concentración veciñal convocada en Castro Caldelas, para defender o mantemento do servizo de pediatría nos municipios do rural da provincia, ante os reiterados ataques de Alberto Núñez Feijóo á saúde dos nenos e nenas”, sostén o partido nun comunicado de prensa.

Centos de menores quedaron sen pediatra polos recortes da Xunta de Galicia nos orzamentos sanitarios, obrigando ós cativos e as súas familias a desprazarse ós complexos hospitalarios universitarios de Ourense e Vigo para recibir atención médica básica, “unha situación indigna e vergoñenta pois atenta directamente contra un dereito universal como a saúde”, dí o PSdeG.

Á protesta acudiron, entre outros cargos e militantes socialistas, o secretario provincial do PSdeG-PSOE, Rafael Rodríguez Villarino; o secretario de organización, Juan

Carlos Francisco Rivera; o vicesecretario de relacións institucionais, Álvaro Vila; o deputado do Parlamento de Galicia, Raúl Fernández; a deputada e viceportavoz na Deputación, Elvira Lama; a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega, o tenente de alcalde de Parada de Sil, Aquilino Domínguez e os alcaldes de Montederramo, Antonio Rodríguez Álvarez (PP) e Chandrea de Queixa, Francisco Rodríguez (PP). No acto evidenciouse o malestar veciñal ante unha nova labazada á atención sanitaria de calidade que está afectando ós concellos onde máis cómpre que se asente poboación moza.

Os socialistas levan meses denunciando o brutal recorte que o PP está a aplicar ós servizos sanitarios pediátricos da provincia de Ourense con peches, recortes e suspensións de todo tipo, nun ataque inaudito contra os dereitos dos nenos e nenas. “Esta decisión de suprimir pediatras de aten-

ción primaria afonda no deficiente trato sanitario xeral que teñen que padecer os veciños e veciñas de Ourense por parte da Xunta. Un carrusel inaudito de tesoirazos sanitarios e sociais que durante os últimos anos provocou, entre outros, a supresión do servizo de urxencias pediátricas 24 horas no hospital da terceira cidade de Galicia; a paralización de intervencións programadas de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (que atende a 400.000 persoas de toda a provincia e tamén do sur de Lugo); ou a eliminación de numerosos médicos pediatras nos centros de atención primaria”, dí o comunicado dos socialistas.

Os socialistas ourensáns esixen o fin deste ataque furibundo contra a provincia e reclaman ó Sergas as medidas organizativas e as contratacións necesarias e inmediatas para dotar do persoal suficiente os centros sanitarios, co fin



A concentración realizouse no Centro Médico de Castro Caldelas.

de restablecer este servizo. Ademais recordan que, durante décadas, o servizo pediátrico ourensá foi un referente para o resto de Galicia, con plena operatividade as 24 horas do día os sete días da semana, a pesar de contar con menos facultativos que outras zonas sanitarias pediátricas de similar poboación. Polo tanto,

non se trata de demandar nada que non existira previamente. Desde o PSdeG-PSOE levaranse a cabo as accións necesarias para frear o castigo do Partido Popular á provincia e, concretamente, ós concellos do rural, tras esta descarada e continuada supresión de servizos básicos atacando incluso á infancia.

## Abertas as inscricións para coñecer o legado do Pai Baltasar Merino na Guarda

O vindeiro domingo día 5 de agosto A Guarda acolle a segunda das actividades de Monumenta Galicia para o 2018 «Os alicerces da botánica e a meteoroloxía galegas: da Pasaxe á Guarda co pai Baltasar Merino», unha actividade cultural e deportiva na que se percorreren un total de 5,5 km dende a Estación Marítima da Guarda.

No último cuarto do século XIX o burgalés Baltasar Merino, xesuíta, chega a Galicia para

impartir docencia no colexio da Pasaxe en Camposancos (A Guarda) e atenuar as súas doenzas físicas nas bondades do noso clima. Desde este lugar, a lombo de equinos, viaxou por Galicia nun percorrido que lle permitiu descubrir e sistematizar gran parte da súa vexetación, do cal xurdiu, en 1905, a Flora descritiva e ilustrada de Galicia, unha obra aínda en vixencia un século despois. Preocupado polos perigos dos temporais para a

vida da xente do mar, foi pioneiro na aplicación dos coñecementos meteorolóxicos á predición do tempo e á salvagarda dos pescadores.

Tomando como referencia o pioneiro labor científico de Merino como botánico e meteorólogo, e analizando a importancia da súa obra para Galicia e para a ciencia de inicios do século XX, abordaremos os distintos ambientes ecolóxicos deste sector da costa galega a través da distribución das súas plantas.



Ensinaremos como se fan inventarios e transeptos de vexetación, así como técnicas básicas de herborización. Observaremos as nubes e valoraremos as súas características cara á predición do tempo. Non deixaremos de lado a presentación doutros valores da zona como os arqueolóxicos, etnográficos e de aproveitamento protoindustrial do patrimonio natural.

### Monumenta Escoita

MJ Pérez é unha das novas voces do panorama actual da música galega que está pisando forte. Logo de dous discos autoproducidos e de case 100 concertos por toda Galicia, agora presenta Casandra.

Prazas limitadas a 90 persoas. Admisión por orde de inscrición. Máis información en: [www.monumentagalicia.com](http://www.monumentagalicia.com)



## Novas da Raia

### Mesa de Monção - Uma candidatura representativa da gastronomia minhota

**A** Mesa de Monção – Cordeiro à Moda de Monção é uma das 49 Mesas Pré-finalistas do Concurso “7 Maravilhas à Mesa”. As 14 Finalistas são apuradas em 7 galas, com transmissão em direto na RTP. A final realiza-se no dia 16 de setembro, em Albufeira.

A primeira gala realizou-se no passado dia 22 de julho. A segunda decorre este domingo,

29 de julho, na batalha, A última, onde participa a Mesa de Monção, no dia 2 de setembro, em Lagoa. Concorre com as mesas da Calheta, Tarouca, Gouveia, Santa Cruz, Lagoa, e Villa Oeiras.

Após a eliminação de Braga, no passado domingo, a Mesa de Monção – Cordeiro à Moda de Monção, é a única representante da região do Minho. As galas são

apresentadas por Catarina Furtado e José Carlos Malato após o telejornal, preenchendo o serão de domingo.

Como havia referido em sessão camarária, o autarca de Monção, António Barbosa, tem aproveitado todas as ocasiões para promover a candidatura. Ontem, na inauguração das obras de requalificação do Largo de Santiago, em Barbeita, voltou a falar da

Mesa de Monção.

Para solicitar aos presentes apoio na candidatura e pedir-lhes que convidem os seus familiares, amigos e conhecidos para votarem no número 760 10 70 47. Acrescentou: “Conto com o apoio de todos para que a Mesa de Monção, única representante da região minhota, esteja presente na grande final, em Albufeira, no dia 16 de Setembro”.



### Lions Clube de Vila Praia de Âncora realizou encontro de verão em Caminha

**O** Lions Clube de Vila Praia de Ancora iniciou o ano lionístico no passado dia 1 de Julho e já está em plena actividade.

No passado dia 21 de Julho realizou o seu tradicional Encontro Cultural de Verão, desta feita privilegiando o Concelho de Caminha.

Uma iniciativa que envolveu participantes do Norte de Portugal e da Galiza, nomeadamente Barcelos, Ílhavo, Matosinhos, Mealhada, Ponte de Lima, Santa Maria da Feira, Pontevedra e Vilagarcia de Arosa.

Este Encontro inseriu-se no âmbito do Ano Europeu do Património Cultural 2018 com uma visita guiada ao Centro Histórico de Caminha e à 20.ª Edição da “Exposição Arte na Leira” na Casa do Muro, em plena Serra D’Arga.

O Presidente da Câmara Municipal de Caminha, Dr. Miguel Alves, recebeu a comitiva no Salão Nobre do Município, falou da Candidatura Ibérica do Estuário do Rio Minho a Paisagem Cultural da UNESCO, que envolve o Município vizinho de A Guarda



Visita à 20.ª Exposição de Arte na Leira na Serra D’Arga.

e teve palavras de muito apreço por esta iniciativa dos Lions, considerando o Clube uma excelente parceira do Município.

O Presidente do Clube, Manuel Amial, agradeceu a recepção e o apoio logístico dado a este Encontro pelo Município e entregou a Miguel Alves um Testemunho de Agradecimento.

Manuel Amial aproveitou a oportunidade para entregar a Maria Eduardina Presa, anterior Presidente do Clube, um Reconhecimento pelo seu excelente labor vertido num prato de porcelana pintado à mão.

Perante a paisagem paradisíaca do Estuário do Rio Minho, uma das participantes, a co-

nimbricense Maria da Luz Colaço, deslumbrada com aquele cenário natural, relatou-nos um poema, por si construído, num diálogo entre Deus e S. Pedro, cujo teor a seguir se transcreve, que atesta as virtualidades e a beleza ímpar daquele espaço.

O roteiro deste Encontro Cultural incluiu ainda uma visita à Casa do Marco, em Arga de Baixo, em plena Serra D’Arga para apreciar a Exposição Arte na Leira, que vai na sua 20.ª Edição. O Pintor/Ceramista Mário Rocha recebeu amavelmente os visitantes e proporcionou-lhes uma visita guiada à Exposição.

### Uma “The White Experience” promissora



**N**o âmbito da iniciativa “The White Experience”, Monção viveu, no Parque das Caldas, espaço edílico entre a muralha e o rio Minho, um momento importante de promoção da nossa identidade secular e dos vários rótulos de vinho Alvarinho produzidos na nossa região.

Nesta ação, promovida pela Comissão de Vinhos Verdes e “Monção e Melgaço – A Origem do Alvarinho”, os nossos brancos, nobres e elegantes, juntaram-se a outros vinhos brancos de Portugal e da Europa, proporcionando a produtores, especialistas, comunicadores e público, um encontro único, partilhado e enriquecedor.

No final, revelou-se uma viagem fantástica pelos vinhos de vários países com um resultado bastante promissor em termos de valorização dos nossos produtos víquicos. Pelo recinto, passaram muitos profissionais do setor dos vinhos que mostraram interesse em saber mais sobre o Alvarinho produzido na região de Monção e Melgaço.

Além de revelar-se uma oportunidade valiosa de aprendizagem e partilha de conhecimentos, “The White Experience” constituiu também um instrumento de divulgação dos nossos vinhos junto de um público bastante interessante sob o ponto de vista da sua promoção no mundo.

## Lazoiro e o Concello impulsan a protección de comunidades de avión común e avión zapador

A asociación Lazoiro e o Concello de Salvaterra de Miño, en colaboración coa A.G.P.L.C.B. (Asociación Gallega para la Conservación de la Biodiversidad) traballan para consagrar Salvaterra como un dos grandes refuxios de Avión Común (Andoriña das vilas) e Avión Zapador (Andoriña das barreiras) de Galiza.

A andoriña das vilas e a andoriña das barreiras, son dúas especies de aves que forman colonias en zonas urbanas, preto de ríos ou grandes masas de auga. As andoriñas das vilas constrúen os seus niños en edificios, pontes, ou muros, e fano xuntando boliñas de barro que cementan co seu propio cuspe, dando lugar a unhas curiosas construcións redondas.

A vila de Salvaterra de Miño conta cunha das maiores poboacións de avións de toda



Galiza, contando no ano 2016 con arredor de 400 niños de parellas reprodutoras. A pesar disto, nos últimos tempos, tense producido un grave e acentuado descenso desta poboación debido ao uso de pesticidas e diversos tipos de químicos, así como pola redución do seu hábitat de caza. Por outra banda, o deseño dos edificios modernos, que carecen de lugares axeitados para aniñar, engadido á destrución dos niños por parte dos humanos (actividade que

está penada con multas entre 5000 e 200000 € de multa), repercute de forma moi negativa nestas poboacións.

Esta situación non só é preocupante dende o punto de vista da biodiversidade, senón que por engadido, a base alimentar destas especies son os mosquitos, trazas e outros insectos, actuando deste xeito como regulador das poboacións destes invertebrados.

Por todo isto, dende Lazoiro e co apoio do Concello

e da A.G.P.L.C.B. inician unha campaña de concienciación e protección destas aves. Para isto realizouse unha limpeza das zonas sensíbeis de ser usadas como niño por estas aves, así como a colocación de carteis informativos, acompañados dunha labor explicativa sobre os beneficios destes animais.

Como conclusión, esta campaña contará ademais cunha segunda parte, onde Lazoiro solicitou a construción dun muro que sirva de empraumento principal para os niños destas aves, permitindo así unha mellor protección, a realización de estudos avanzados e minimizando as molestias aos veciños. Esta solicitude conta co visto bo por parte do Concello, que xa solicitou un proxecto de xeito a comezar canto antes as obras e asegurar a protección destas curiosas e alegres veciñas.

## Actividades na Biblioteca de Salvaterra

A Biblioteca Municipal de Salvaterra de Miño ofrece un programa de contacontos e actividades de dinamización con música teatro e danza.

Así o mércores 1 de agosto ás 11:30 horas terá lugar o contacontos A Biblioteca Secreta e o mércores 8 de agosto á mesma hora Contos na Biblioteca. O mércores 22 de agosto ás once e media resenolverase a actividade Bibliocanta, o mércores 5 de setembro á mesma hora o contacontos Amodo Amodiño, e os mércores 19 de setembro e 3 de outubro ás 18:00 horas as actividades de dinamización con música, teatro e danza 4 (Catro) e Maxia e Libriños con Leo Leño, respectivamente.

Para obter máis información sobre estas actividades poden consultar no correo biblioteca@concellodesalvaterra.org ou no teléfono 637 108 343.

## O deputado Santos Héctor supervisa a mellora nos accesos á travesía escolar

O deputado Santos Héctor visitou as actuacións postas en marcha en Salvaterra de Miño coas achegas do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra para a mellora dos accesos na travesía escolar, nas que o Goberno provincial investiu 60.397 euros. As obras consistiron na ampliación e na urbanización da rúa de acceso ao centro escolar de Salvaterra, con renovación de servizos e mellora do tránsito peonil.

Tal e como puido comprobar o deputado, acompañado pola tenente de alcalde Marta Valcárcel, acometéronse actuacións previas para a demolición do pavimento existente, da



lousa da antiga pista polideportiva e das beirarrúas. Escaváronse gabias para o sistema de pluviais e para o sistema de saneamento. Ademais, executouse novo firme de beirarrúas de baldosa hidráulica e bordos de formigón.

A Deputación de Pontevedra

destinou o ano pasado a Salvaterra de Miño algo máis de 718.000 euros dentro do Plan Concellos. Neste exercicio, a institución provincial incrementou a contía nun 74,5%, polo que ten posto a disposición deste municipio 1.254.380 euros.

## O Son da Muralla reunirá a miles de mozos en Salvaterra

O Recinto Amurallado de Salvaterra de Miño acollerá un ano máis o maior festival DJ ao aire libre de Galicia, e do Norte de Portugal, O Son da Muralla.

Nesta décimo sétima edición participarán Jose de Rico, Sara Santini, Thomas Living, Dj. Frisco e Marcos Peón, Dj Charlie e Dj David que farán

as ledicias de todos os seguidores da música dance, electrónica e comercial, un espectáculo garantizado e complementado con un destacado equipo de luz, sonido e animación, con máis de 66.000w de son e 70.000 de luz que xunto co propio recinto fan que este festival sexa único e especial.





## Galicia

Redacción

## San Mateo loitará pola permanencia da unitaria

**N**ais, pais, alumnado, representantes da FANPO (Federación de Asociacións de Nais e Pais), das asociacións de San Mateo, da ANPA e veciñanza reuníronse na escola unitaria de San Mateo para acordar as medidas a realizar para evitar o peche da escola unitaria de San Mateo.

A comunidade educativa de San Mateo decidiu insistir na necesidade de que a escola siga aberta xa que para o seguinte curso escolar 2019/2020 subirá a matrícula.

Destacan que esta escola está no seu mellor momento grazas á inversión realizada pola concellería de Ensino investiu un total de 17.352,42€ euros en diferentes obras de mantemento e conservación así como dotacional (xogos, columpios, xardineiras...)

Entre os acordos tomados está a recollida masiva de sinaturas de apoio que serán trasladadas á Consellería de Educación coa que xa está solicitada unha reunión e a petición de que estuden a posibilidade de ofrecer na unitaria os cursos de primeiro



e segundo de primaria para que os cativos e cativas poidan permanecer máis tempo no seu entorno mentres se dea esta situación.

No último pleno ordinario celebrado, a corporación aprobou por unanimidade instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a permanencia da Unitaria de San Mateo de Oliveira (CRA A Picaraña) e da aula de tres anos de infantil no CEIP de Santiago de Oliveira.

A inspección educativa comunicou verbalmente ao CRA a decisión da Consellería de pechar para o vindeiro curso 2018/2019 da aula unitaria

de San Mateo de Oliveira por unha baixada de alumnado nesta aula así como eliminar unha aula de infantil no CEIP de Santiago de Oliveira polo mesmo motivo dos criterios numéricos usados pola Consellería.

As nais e pais desta escola enviaron un escrito no mes de maio co apoio das asociacións de San Mateo de Oliveira, de veciños, cultural, ANPA e Fundación Zúñiga, donde se xustifica a necesidade de que se mantivera aberta xa que nos vindeiros cursos escolares se van incorporar cando menos nove nenas e nenos.

## A Deputación construíra unha nova senda peonil en Ribadetea



### O orzamento global da actuación, que pretende aumentar a segurancia viaria, rolda os 780.000 euros

O Departamento de Mobilidade da Deputación de Pontevedra presentou recentemente en Ponteareas o deseño definitivo para mellorar a estrada provincial EP-2703 Pazos-Ponteareas no lugar de Ribadetea. Así o anunciou o deputado Uxío Benítez ao alcalde Xosé Represas e á veciñanza da zona nun encontro no que explicou que a intención principal é mellorar a segurancia viaria para as e os peóns, polo que se construíra unha nova senda peonil, se instalarán elementos de calmado de tráfico e zonas de convivencia, e se mellorará o firme dun treito da vía.

Segundo apuntou Benítez, o proxecto para a estrada provincial está pechado e ten un orzamento que rolda os 780.000 euros. A actuación, dixo, consiste na construción dunha nova senda peonil entre os puntos quilométricos 12+475 e 13+045, onde se ampliará a sección: habilitaranse dous carrís de tres metros de largo contando coas beiravías para o tráfico rodado e unha senda peonil de 2,5 metros de largo de pavimento coloreado pola marxe dereita,

que estará separada da zona de vehículos por unha franxa con elementos separadores de PVC de 40 centímetros.

Tamén se construíran –dixo o deputado– zonas de convivencia sobreelevadas deseñadas como ‘zonas 30’ nos treitos da estrada nos que non hai suficiente espazo para manter segregados os tránsitos. Nestes espazos haberá unha plataforma na que a prioridade será para as e os peóns, e na que unicamente se pintarán marcas viarias na marxe como guía para a circulación. O firme será uniforme, sen distinción de zonas, e estará formado por unha mestura de cor que destacará que se trata dun treito de coexistencia con prioridade peonil.

Por outra banda, segundo apuntou Benítez, reforzaranse o firme de toda a zona, instalaranse sistemas de calmado de tráfico mediante sinalización e execución de redutores de velocidade, unha nova drenaxe soterrada para as augas de chuva e nova sinalización vertical e horizontal en todo o treito.

A maiores, e dado o mal estado do firme, nos treitos anteriores e posteriores ao lugar do Souto tamén se contempla unha actuación de reforzo do firme entre os puntos quilométricos 11+300 e 13+500, o que supón unha lonxitude de 2.200 metros totais, conectando construcións relixiosas, educativas e culturais.

## A parroquia de Bugarín gozará dunha exposición de fotografía histórica

**A** exposición que leva por título “Bugarín no Tempo” poderá visitarse desde o 30 de xullo ata o 31 de agosto na Casa Cultural da parroquia.

A parroquia de Bugarín, en colaboración coa concellería de Cultura e Lecer do Concello de Ponteareas dirixida por Hortensia Bautista, organiza unha exposición de fotografía histórica da parroquia na que se fai un percorrido polos costu-

mes, tradicións e romarías da parroquia nun intento por recuperar e pór en valor a memoria colectiva da veciñanza.

A exposición inaugúrase o luns 30 de xullo ás 19:30 horas na Casa Cultural de Bugarín. Esta poderá visitarse durante un mes, ata o 31 de agosto, en horario de 18:00 a 21:00h; a excepción dos xoves.

Esta iniciativa encádrase dentro do proxecto de recopilación de fotografías histó-

ricas “Ponteareas no Tempo”, que se pode visitar na web [www.ponteareasnotempo.gal](http://www.ponteareasnotempo.gal) e se levará a cabo nas parroquias que así o soliciten. Precisamente, aproveitando a ocasión, o persoal do departamento de Cultura e Lecer achegarase o día da inauguración, a partir das 19:30h á Casa Cultural de Bugarín para facilitar a recollida de fotografías históricas que os veciños desexen achegar.

## Redacción

## O Porriño pásase ao híbrido adquirindo un novo vehículo para a Policía Local

**A** Policía Local do Porriño dispón xa dun novo coche, adquirido polo sistema de 'renting', que vén tanto a iniciar a renovación do parque deste corpo, que conta con vehículos de máis de 15 anos de antigüidade algún deles superando os 350.000 quilómetros, coma a facer unha aposta polo coitado do medio ambiente.

O novo coche, un Citroen DS, modelo 5, que foi recibido pola concelleira de Seguridade, Lourdes Moure, e polo xefe da Policía, Daniel Rodríguez, supón



que O Porriño pasa a ter un vehículo de que dispoñen moi poucos concellos e, ademais, segundo subliña o xefe da Policía, "mellora e actualiza os nosos medios, preserva a seguridade dos axentes e, o máis importante, mellora notable-

mente o servizo aos cidadáns". Os coches híbridos aportan beneficios para o medio ambiente grazas ao seus baixos consumos globais, á posibilidade de condución en modo EV (eléctrico) e as baixas emisión que emite á atmosfera.

## Satisfacción pola regularización dos traballadores de Servicarne

**A** alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, vén de amosar a súa "satisfacción e ledicia" polo feito de que, finalmente, Frigolouro regularizase a situación dos falsos autónomos de Servicarne que, dende o día 1 de agosto, pasarán a formar parte do plantel coma traballadores fixos, tal e como lle instaba a resolución da Inspección de Traxectoria e da Tesourería da Seguridade Social.

A alcaldesa lembra que "en todo momento estive- mos seguros de que a xustiza daría a razón a quen a ten", como expuxera nas súas xuntanzas cos responsábeis da empresa e co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en agosto de 2016, ao que alertou da condicións moi precarias, duras e difíciles nas que estaban estes traballadores que soportaban unha situación intolerábel que, agora, "por fin queda resolta".

## Recadados 26 mil euros para os afectados de Paramos e Guillarei

**O** presidente da Asociación de Afectados de Paramos e Guillarei, Salvador García, recibiu de mans da directora de ABANCA na rúa Compostela, Teba García, un cheque por valor de 26.096,78€ correspondente ao importe recadado inicialmente na conta aberta por ABANCA a instancias do Concello

tras a explosión do 23 de maio no barrio da Torre.

O acto tivo lugar na notaría de Tui coa presenza do alcalde, Carlos Vázquez Padín, e do notario Jesús M<sup>a</sup> Rodríguez Enríquez.

Cómpre lembrar que existe unha Conta Solidaria aberta a nome da asociación de afectados en Abanca co número ES80 2080



## "Coco" e "Ferdinand" no cine de verán

**L**ogo das dúas proxeccións no mes de xullo, continúa o cinema de verán en Tui. O 3 de agosto as 22:15 proxeccíase "Coco" e o venres 24 de agosto "Ferdinand" as 22:00.

O cinema de verán será na Praza de San Fernando agás en caso de choiva, que se trasladará ao Teatro Municipal e se poderán retirar dúas entradas de balde por persoa media hora antes da película.

## A Praza de Abastos de Salceda exemplo na loita contra as bolsas de plástico

**O**s praceiros e as praceiras de Salceda de Caselas, en colaboración co Concello, distribuirán de xeito gratuito bolsas reutilizables entre os seus clientes e clientas, para contribuír así á eliminación do uso de bolsas de plástico. Esta iniciativa pon de manifesto unha vez máis a colaboración entre o Concello de Salceda e o sector do comercio, nesta ocasión centrado nos vendedores que exercen a súa actividade na praza de abastos municipal.

Dende o pasado 1 de xullo está prohibido subministrar bolsas de plástico de xeito gratuito, polo que os establecementos están obrigados a cobrar entre 5 e 15 céntimos por elas coa finalidade de adaptarse á directiva europea, que ten como obxectivo último eliminar as bolsas de plástico para o 2021. Segundo o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, cada persoa consume 144 bolsas de plástico anuais e o 90% son de un só uso, o que



se ten convertido nun verdadeiro problema para o medio. Cada ano, ata 12 millóns de toneladas deste material chegan aos mares e océanos e

afectan a máis de 550 especies. En España xenéranse cerca de 70.000 toneladas anuais, o que equivale a uns 6.700 millóns de unidades.

## Convocan 18 postos para a Festa do Miño

**O** Concello de Tui convoca 13 postos dobres de venda directa para a VIII Festa Gastronómica que se vai celebrar o sábado, 18 de agosto, de 20 a 00h na rúa Lugo dentro do programa de actividades previstos na VIII Festa do Miño.

Á convocatoria vai dirixida ás asociacións culturais de Tui, que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, que deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado o mércores 1, xoves 2 ou venres 3 de 9 a 14h por rexistro de entrada na casa do concello.



## Galicia

Redacción

## Salceda conta con un novo tramo de Senda Fluvial no Río Landres

O Concello de Salceda de Caselas ven de rematar ás obras de construción do novo tramo de Senda do Río Landres, no tramo correspondente ao espazo entre O Seixo e o Muíño da Pereira. O proxecto, con un orzamento de 105.252,18 €, enmárcase dentro do Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, e foi executado pola empresa adxudicataria

FECHI. Nesta ocasión executouse un tramo de 789 metros que, ao igual que os tramos anteriores, está perfectamente acondicionada para persoas con discapacidade e mantén a estrutura do feito ata o de agora. Durante o percorrido instaláranse diversos bancos, así como a pertinente sinalización no principio e final da senda coas limitacións de uso da mesma.

O proxecto, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Julio Piñeiro, enmárcase dentro do programa de actuacións previsto polo Concello de Salceda de Caselas encamiñadas á recuperación, creación e posta en valor de espazos destinados a uso público para o recreo e espallamento. Neste caso recuperouse unha zona en estado de abandono para usos recreativos, aproveitando o entorno



na marxe do Río Landres, que dará continuidade ao tramo de senda xa existentes entre O Torrón e O Seixo, e enlazará tamén coa Senda da Lagoela a escasos metros. O Concello de

Salceda continúa así na súa constante recuperación dos seus ríos, así como do seu entorno, coa construción duns paseos que son xa sinal de identidade do municipio.

## A fibra óptica chegará ás parroquias de Salceda

Electra Alto Miño, principal empresa comercializadora de electricidade no concello de Salceda de Caselas leva meses acometendo un importante proxecto de instalación de fibra óptica tanto no casco urbano como en diferentes puntos das sete parroquias. Así, a día de hoxe, o servizo está presente xa na vila da Esfarrapada, ademais de nos barrios da Pedra, a Serra, o Torrón, Altamira, Farrapeira e Gumil. No caso das parroquias de Parderrubias e Budiño, a rede está tamén xa estendida en Fontán e Valdeflores, Lavandeira, Piñeiro, Rega da Lama e Costeira. Nas vindeiras semanas a empresa acometerá tamén as liñas de Pedracarballa, Seixo Blanco e Eido Vello, e posteriormente actuará en Vendanova e Casás, na parroquia de San Xurxo. Pero EAM segue a proxectar novos tramos para executar de xeito inminente, coa intención de engadir 30 km de fibra aos máis de 60 xa existentes actualmente. O investimento a día de hoxe supera xa o millón de euros, cunha velocidade estándar de 100 megas de baixada e 10 de subida, aínda que a empresa está a ofertar tamén outras condicións adaptándose



Jose Antonio Fernández, Xerente de Electra Alto Miño, e Miguel González, Concelleiro de Vías e Obras, supervisando a obra de instalación de fibra óptica

ás necesidades das persoas e entidades usuarias.

A instalación de fibra óptica supón enormes vantaxes sobre o uso do ADSL, destacando o feito de que manteña sempre a velocidade constante independentemente do número de persoas conectadas, xa que é moi difícil que sufra interferencias. Ademais alcanza sempre o máximo de velocidade contratada, a diferenza do que ocorre co ADSL, que no mellor dos casos chega ao 80 ou 90% da velocidade contratada.

O proxecto é, sen dúbida, unha moi boa nova para Salceda, sobre todo o feito de que

tamén as zonas rurais do concello poidan ir beneficiándose da fibra que ata o de agora podían disfrutar os veciños e veciñas do casco urbano.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Salceda está de noraboia por poder contar con este novo servizo. Debemos aproveitar as vantaxes da tecnoloxía que cada día dá pasos axigantados, polo que nos congratulamos de que EAM teña elixido o noso Concello para desenvolver a súa rede de fibra óptica, e sobre todo por levala ata as parroquias, que non sempre poden disfrutar deste tipo de avances".

## Comezan as obras de ensanche da estrada Fontán-Sete Camiños

O Concello de Salceda de Caselas está a executar as obras de ensanche da estrada que une Fontán e Sete Camiños, na parroquia de Parderrubias. A obra permitirá o ensanche da estrada ata unha anchura de entre 7 e 8 metros (actualmente ten 5 metros), que incluíra ademais a rectificación da perigosa curva que se atopa no tramo, así como a mellora da seguridade no entorno da poza existente, na que se colocará unha barandilla perimetral. A actuación abarca un total de 697 metros lonxitudinais, e prevese que estea rematada no prazo dun mes.

A obra, con un orzamento de 45.584 €, está financiada ao 100% pola Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia dentro das axudas correspondentes ao Plan de Me-

llora de Camiños Municipais 2017-2018, aos que hai que engadir os 9.672,64 € correspondentes ao IVE, e que son asumidos polo Concello.

Con este investimento proséguese na liña establecida dende o Goberno Municipal, de mellora da Rede de Estradas do Municipio, con intervencións constantes nas sete parroquias que conforman Salceda de Caselas. Estamos a falr neste caso dun vial cunha alta densidade de tráfico, xa que por el acceden boa parte dos vehículos que se dirixen ás parroquias de Parderrubias, Soutelo e Budiño dende a PO-510, enlace principal con Vigo. Por outra banda, o vial serve de acceso ao campo de fútbol do Penedo Redondo, que acolle numerosos adestramentos e partidos os sete días da semana.





Por Juan Louzán

Antonio Lomba, Alcalde de A Guarda

# “Agora será verdade o acceso sur ao porto da Guarda”

**Despois de tres anos de lexislatura, ¿podería facer un resume de como se atopan as grandes actuacións para os veciños e veciñas da Guarda? Escola Infantil Municipal**

No mes de abril entregamos na Xunta o proxecto básico para a construción dunha nova Escola Infantil Municipal que estará situada nas vivendas dos mestres do antigo colexio Sinde. Temos o compromiso de que esta obra será incluída nos orzamentos autonómicos de 2019. Foi posible conseguir este acordo despois de argumentar na Xunta que as prazas públicas de 0 a 3 anos na Guarda están moi por debaixo do 35 % de prazas por nacementos que marca como mínimo a Unión Europea. Nós temos apenas un 20 %

**Concepción Arenal**

Xa é sabido que este ano empezarán as obras de huma-

nización de Concepción Arenal, está previsto que sexa despois do verán, concretamente o día 10 de setembro. O novo deseño da rúa contempla a urbanización en plataforma única con calzado de tráfico, dous espazos públicos para peóns, na praza de Avelino Vicente e San Bieito; a circulación en dobre sentido en todo o seu recorrido, mentres non se execute o acceso sur do porto da Guarda, e a eliminación dos estacionamentos. Para poder compensar estes aparcamentos xa se ampliaron prazas en Manuel Álvarez permitindo estacionar en batería, conseguindo un aumento de 25 prazas. Creouse unha zona de estacionamento na rúa Coruña con 80 prazas, remodelouse a finca de Fínola que pode acoller máis de 150 vehículos e preparouse a finca da eléctrica para máis de 300 coches. Hai que recordar que dende o con-



cello estivemos demandando da Deputación a urbanización da parte alta de Concepción Arenal dende o 2012 sen que a administración provincial, gobernada polo PP, asumira a súa

responsabilidade nesta rúa sobre a que tiña a competencia.

**Acceso sur do porto da Guarda**

Dende o pasado ano estase a traballar en colaboración coa Deputación no proxecto do ac-

ceso sur do porto da Guarda, unha obra necesaria da que se leva falando dende fai máis de 20 anos. Nunha primeira fase acordouse coa Xunta de Galicia o trazado definitivo



Á esquerda proxecto humanización de Concepción Arenal e arriba proxecto do Acceso Sur ao Porto da Guarda.

**MIL PRIUS FIDE**

**José Manuel Rodríguez Casal**  
**NOTARIO**

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA  
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123  
e-mail rodriguezcasal@notariado.org

**Museo del Pan Gallego**

EMPANADA - TARTAS  
ROSCONES - VICAS  
PAN DE CENTENO Y MAÍZ  
fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -  
Todo ello fabricado  
en horno de leña  
por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9  
28013 Madrid  
Tfno. 91 542 51 80

museodelpangallego@hotmail.com  
www.museodelpangallego.com

**Casa Gallega**  
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA

C/ Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 50 55 - 56 - Fax 91 559 12 25  
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com



# Entrevista

Redacción

...Ven da páxina anterior.

que vai a ter esta estrada despois de estudar as tres alternativas que contemplaba o proxecto de estudo do trazado. Na actualidade estase a redactar o proxecto básico para poder solicitar os informes sectoriais e conseguir a aprobación definitiva do proxecto. Esta obra está considerada de interese supramunicipal, este tipo de cualificación permite axilizar tramites sempre e cando sexa executada por unha administración que estea por encima do concello, Xunta ou Deputación. A nosa consideración é que, dada a importancia da obra e utilidade que vai a ter para unha infraestrutura como o porto da Guarda, debe ser executada pola Xunta de Galicia.

## Vial Tui-A Guarda

Hai que destacar, como unha das xestións máis importantes da primeira parte da lexislatura, haber conseguido o desbloqueo do proxecto do vial Tui-A Guarda. Neste senso teño que agra-

decir o apoio mostrado polos veciños, asociacións comerciais e empresariais, corporación municipal e o pleno da Mancomunidade, que apoiaron a nosa demanda para desbloquear este proxecto. Agora esperemos que a Xunta cumpra cos seus compromisos. Esta obra comezou a proxectarse no ano 2004, creemos que xa vai sendo hora de poñerlle prazos para o seu remate.

## ¿Podería facernos unha valoración sobre o comportamento da Xunta e da Deputación no que respecta á relación co concello en canto a xestión de axudas e subvencións?

A relación institucional e política coa Deputación e moi boa. Compartimos, tanto dende o concello da Guarda como dende a maioría dos concellos da provincia, a maneira de facer desta nova Deputación. O plan concellos, que respecta a autonomía municipal e distribúe os cartos segundo cri-

terios obxectivos é a mostra dunha nova forma de facer política que facilita moito a labor dos alcaldes, sobre todo nas pequenas poboacións. Por contra a Xunta de Galicia, a pesar de que llo temos pedido insistentemente non quere optar por un sistema transparente de distribución dos diñeiros públicos e, dende o noso punto de vista, premia a uns concellos respecto de outros, algo inconcibible en pleno século XXI. Ademais a Xunta nalgunhas ocasións ten unha política errática respecto de determinados temas. Por exemplo empenza fai uns anos cunha política de apoio as Prazas de Abastos para a súa modernización e de repente, este ano, en contra do que habían prometido, non saca unha liña de subvencións para os mercados municipais. Ou saca liñas de subvencións ás que acceden aqueles que primeiro a presentan, sen importar a calidade ou necesidade das propostas.

## Sr Alcalde, no pasado, sobre todo ao principio de lexislatura había bastantes queixas, por parte da oposición, sobre a limpeza na vila. Como está este tema na actualidade.

Aínda sendo o concello con mellores índices de reciclado de toda Galicia, levamos avanzado moito nas políticas de limpeza pública e recollida de lixo. Esta mellora comeza coa campaña de difusión do novo regulamento que realizamos



en 2017 na que se enviou o texto a tódolos domicilios da Guarda e na que colocamos carteis informativos dos puntos máis salientables do novo regulamento en moitas illas de contedores da Vila, sobre todo as máis conflictivas.

Gracias a campaña conseguimos que moitos mais veciños e veciñas se implicaran e tomaran conciencia de que podemos mellorar a limpeza da Vila para tela máis fermosa. Mellorouse sobre todo na xestión de voluminosos (agora hai moitos menos a pe dos contedores), nos horarios de deposición do lixo, e, sobre todo, no volume de lixo que reciclamos. Na actualidade temos un gran equipo humano e medios para dar un bo servizo. Adquirimos unha barredora e unha hidrolabadora que traballan a tempo completo, e cuxos resultados son ben visibles. Temos 4 barredores, 3 peóns de desbroce, un camión exclusivo para re-

collida de entullos ,que comeza o seu traballo as 5:30 h da mañá para que non se vexa ao amencer o lixo que algúns desaprensivos deixan fora dos contedores, temos 4 peóns de limpeza de praias, 5 persoas na recollida de lixo, 2 operarios no punto limpo e cando todo isto non é suficiente, contratamos con empresas externas para traballos que non podemos asumir, como desbroce do Castelo de Santa Cruz ou a Senda Litoral. Ademais en períodos como o da Festa do Monte programamos plans de choque de limpeza e lavado de rúas para minimizar os efectos do lixo xerado polos miles de persoas que nos visitan

## Co nombramento dun presidente socialista na Moncloa, ¿notou algún cambio de postura respecto ao problema do deterioro do litoral na praia da Sangriña, tendo en conta que este problema é competencia de Costas do Estado?

O que notamos foi un des-



Vial Tui-A Guarda

inmobiliaria  
**laguardia**

San Roque nº 18 - A Guarda  
www.riveirasa.com 986 611 452



Promocion  
S. Miguel

EN O ROSAL

Promocion  
Couselo





## Redacción

...Ven da páxina anterior.

bloqueo do problema. Eu púxenme en contacto coa ministra recen nomeada para pedirlle o informe técnico do CEDEX que levabamos esperando dende o mes de febreiro, e en 15 días, unha semana despois de nomear Directora General responsable, xa tiñamos o informe solicitado nas nosas mans. Espero que agora continúen tomando decisións de forma áxil e fagan unha proposta acorde cos intereses municipais de rexenerar a praia e as dunas para evitar este problema no futuro. Estamos a espera de que fagan dende Costas do Estado, unha proposta de execución para que Medio Ambiente da Xunta a autorice.

**Un dos proxectos máis ambiciosos para o Monte Santa Trega foi a escavación e musealización do barrio de Mergelina. ¿En que situación se atopa neste momento este proxecto?**

Nos anos 2015-16 a Deputación Provincial reescavou o barrio de Mergelina, na zona este do poboado castrexo. Esta campaña durou 8 meses e contou cun orzamento de 683.379,60 €. Froito daquela escavación viron a luz máis de 40.000 pezas, entre as que destaca o "cabezón do Trega". Agora estase a executar a seguinte fase, a restauración e consolidación das estruturas, unha actuación valorada en 368.385 €, cun prazo de execución de 6 meses. Este proxecto aínda ten unha terceira fase, a musealización do xacemento, que será financiada polo Ministerio de Fomento. Esta escavación está a altura das campañas máis importantes realizadas no Trega durante o século XX, e curiosamente a Xunta de Galicia, administración que ten a competencia sobre o xacemento, non está participando nela.



## A Guarda prepárase para as Festas do Monte 2018

A Guarda acolle do 6 ao 15 de agosto as Festas do Monte, unhas Festas declaradas de Interese Turístico de Galicia, que contan un ano máis, cunha ampla programación de actividades, destacando as noites de verbenas, as actividades deportivas e culturais, así coma o Desfile Folclórico Tradicional e de Bandas Mariñeiras e o Domingo do Monte.

As Festas do Monte están organizadas pola Asociación Cultural e Deportiva O Cancelón e o Concello da Guarda, contando coa colaboración da Deputación de Pontevedra dunha boa representación das Asociacións Culturais e Deportivas da Vila, participando activamente en diferentes actividades da programación.

A vila da Guarda échese de visitantes, atraídos pola ampla programación de actividades e as noites de música nas verbenas da Alameda da Guarda, que este ano contará coas actuacións das orquestras e grupos musicais Jonhy Maquinaria, California, Finis-



terre, Ritmo Noche, Tango, Garibaldi, Passarela, América, Europea, Azúcar, Cibeles, Los Gemas, Edgar Bao (La Voz Kids), Caramelo e Ámbar.

O Desfile Folclórico Tradicional e de Bandas Mariñeiras un dos actos que congrega a unha maior cantidade de público e asistentes, participando no mesmo ao redor de 3000 persoas, entre grupos musicais, treboadas, particulares e as Bandas Mariñeiras.

O día principal é sen dúbida o Domingo do Monte cando máis de 10.000 persoas se congregan no Monte de Santa Trega para participar

nun xantar popular e realizar a xura con viño nas Bandas Mariñeiras, un espectáculo de lecer para a nosa vila, cheo do colorido das vestimentas propias de cada Banda Mariñeira, que ao son dos bombos, caixas, gaitas e pandeiretas, amenizan esta gran xornada, cada unha co seu característico son, a xornada remata coa Desfeita na Baixada do Monte ata o Parque do Cancelón e posteriormente ata a Alameda e Rúa Galicia.

No apartado deportivo destacan o Trofeo Festas do Monte de Hockey Liña, as Carreiras Pedestres ou a Marcha Cicloturista Popular.

En baño

laguardia & moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com

La Coruña - Vigo - Villagarcía - La Guardia - Multimat Ourense - Multimat Narón



## Ponteareas devolve ao mestre Groba a súa aportación á cultura galega cunha sexta edición do Festival Groba

A Orquestra de Cámara Galega presentou no concello de Ponteareas a sexta edición do Festival Groba que terá lugar do 18 ao 24 de agosto. No acto de presentación deste festival que, ano tras ano, se proclama como a cita máis relevante de divulgación da música clásica, estiveron o Alcalde de Ponteareas, o Deputado de Cultura Xosé Leal, o secretario Xeral da Consellería de Cultura, Anxo Lorenzo e a cellista da OCGA, Alba Reirís acompañados de Rogelio Groba Otero, director concertino.

Co apoio do concello de Ponteareas, da Deputación e da Consellería de Cultura, o Festival Groba tenta devolver toda a aportación que realizou ao mundo musical e cultural o mestre Rogelio Groba Groba constituíndo unha oportunidade única de gozar dos mellores intérpretes da música clásica.

Pero ademais, para o Alcalde de Ponteareas o festival Groba tamén serve para "promocionar

e dar oportunidade aos novos talentos que nesta semana ademais de ofrecer concertos tamén aprenden dos mellores mestres da actualidade".

Como en cada edición, teremos a ocasión de compartir escenario cada noite, ás 21:00 h, con grandes intérpretes cunha longa e moi importante traxectoria internacional, así como con outros que inician unha máis que prometedora carreira na escena musical.

"No noso constante empeño de innovación, na presente VI edición do Festival Groba contaremos con dous sons que marcarán a diferenza coas pasadas: o son do vento-metal e o son da voz coral. O vento-metal terá como máximo representante o gran instrumentista Pacho Flores, artista de Deutsche Grammophon, considerado como unha verdadeira referencia mundial no eido da trompeta, e Hercules Brass, o quinteto galego de referencia que será o encargado de estrear a obra Distorsións

Ubedianas do mestre Groba, dedicada á fantástica creación do pintor pontevedrés Rafael Úbeda, e da que poderemos disfrutar no propio auditorio o día do concerto", adianta Rogelio Groba Otero, director concertino do festival.

Outra das novidades é a actuación dun dos coros máis importantes do panorama europeo, o Coro de Cámara de Pamplona, que interpretará, xunto á OCGA a emblemática Cantata, Cantigas de Mar, con textos de Filgueira Valverde e realizará a estrea mundial dunha das últimas obras compostas polo mestre Groba, Rosalía na Catedral, obra que pon música ao poema de Rosalía de Castro en 8 movementos.

Ademais das obras do mestre Groba, formarán parte dos repertorios dos concertos de cada noite moitos outros compositores como J. Neruda, C. Saint-Saëns, G. Faure, Mozart, E. Granados, Mendelsson, J. Turina, Beethoven... En canto á academia, este ano estará dedicado



ás masterclasses de trompeta, cello, violín, viola, cello, piano e música de cámara.

Este ano, igual que na pasada edición, a Orquestra de Cámara Galega, orquestra residente do Festival Groba desde o seu inicio no 2013, sairá do auditorio e realizará un concerto na Residencia de Maiores Santa Ana para achegar a música clásica e o espírito do festival ás persoas maiores con dificultades de mobilidade.

Así mesmo, o Salón de Plenos do Concello será escenario dun concerto de cámara co afán de pór en valor o noso patrimonio e festexar así o 120 aniversario da sede municipal .

Na VI edición do Festival Groba, os obxectivos seguen a ser a divulgación da música do compositor Rogelio Groba, un dos mellores e máis prolíficos compositores españois que atesoura 720 obras de tódolos xéneros musicais, dende sinfonías a óperas o fomento do estudo da música clásica, tal e como destacou o deputado de Cultural Xosé Leal, e establecer as canles que faciliten a aprendizaxe con mestres internacionais que complementen a súa formación e, desde Ponteareas, continuar mantendo o nome de Galicia como punto de referencia da música de cámara desde o máis alto nivel internacional.

**DISCARLUX**  
ONLINE

*A mellor carne galega ao servizo da restauración*

91 507 98 61  
discarlux.es

Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14  
Madrid